

EXPEDIENTE:	2021/00005930B
PROCEDEMENTO:	Elaboración e aprobación do Orzamento Xeral do Concello

INTERVENCIÓN XERAL

INFORME

ASUNTO	PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DO 2021
REF.:	66/2021
CENTRO XESTOR	OFICIÑA ORZAMENTARIA – CONCELLERÍA ECONOMÍA E FACENDA
CARÁCTER DO INFORME	PRECEPTIVO. ARTIGO 168 RD LEXISLATIVO 2/2004 DE 5 DE MARZO TEXTO REFUNDIDO LEI REGULADORA FACENDAS LOCAIS.
FORMA DE EXERCICIO DO CONTROL	CONTROL FINANCIERO NA MODALIDADE CONTROL PERMANENTE OBRIGATORIO NON PLANIFICABLE

Remitido a esta Intervención expediente de proxecto de Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e os seus entes dependentes, - con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local -, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto nos artigos 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 18.4 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais e 4.1.b) 2ª do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

I

CARÁCTER E ALCANCE DO INFORME E NORMATIVA A TOMAR EN CONSIDERACIÓN.

A emisión do presente informe ten por finalidade dar cumprimento o establecido no artigo 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, - en adiante TRLRHL -, o cal establece:

"(...)

Sobre la base de los presupuestos y estados de previsión a que se refieren los apartados 1 y 2 anteriores, el Presidente de la Entidad formará el Presupuesto General y lo remitirá, informado por la Intervención y con los anexos y documentación complementaria detallados en el apartado 1 del artículo 166 y en el presente artículo, al Pleno de la Corporación antes del día 15 de octubre para su aprobación, enmienda o devolución".

O informe tal e como resulta do precepto legal citado é preceptivo pero non ten o carácter de informe de fiscalización previa no exercicio da función interventora, sino de control financeiro na modalidade de control permanente, tal e como así se deduce do artigo 4 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, é que se realiza con carácter xeral a todo o proxecto de orzamento do Concello de Santiago de Compostela, e sen prexuízo das consideracións realizadas nos informes emitidos por esta Intervención aos orzamentos dos entes dependentes desta Administración municipal.

Polo que respecta o seu alcance, o informe debe referirse os seguintes aspectos:

1. Si o contido do expediente se adecúa a lexislación vixente en materia de Orzamento das Entidades Locais, polo tanto si o proxecto de Orzamento Xeral contén os documentos anexos esixidos legalmente.
2. Si a cobertura dos recursos que se prevé liquidar será suficiente para financiar o conxunto das obrigas que se estima recoñecer durante o exercicio orzamentario, de tal xeito que se dé o equilibrio orzamentario e financeiro.

3. Si os criterios de orzamentación dos créditos de gastos é das previsións de ingresos son axeitados. Si existe correlación entre os gastos por investimentos é os recursos financeiros cos que se prevean financiar ises gastos. Si existe cadro de consignacións crediticias para financiar os créditos de compromisos previstos en futuros exercicios orzamentarios.
4. Si existe capacidade financeira para asumir novas operacións de crédito.
5. Análise dos equilibrios orzamentarios legais.

Finalmente, en cuanto a lexislación a tomar en consideración, cabe indicar que los Orzamentos das Entidades Locais deben acomodarse, con carácter xeral, o establecido nos seguintes texto legais e regulamentarios:

Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante TRLHRL)

Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais – en adiante RP -.

Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira – en adiante LOEPSF -.

Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación as Entidades Locais.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio do 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010)

Regulamento (CE) Nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Orde EHA/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba o modelo Normal de Contabilidade Local.

Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.

Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape.

Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro do 2020 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebemento para o período 2020 e 2021 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Acordo adoptado polo Congreso dos Diputados o 20 de outubro do 2020 sobre a ratificación das regras fiscais para os anos 2020-2021.

Lei 11/2020 de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2021.

Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público Local.

Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, - en diante LRBRL -.

Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Reglamento orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela (Aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión de 21 de decembro do 2011. Publicado no BOP da Coruña de 6 de marzo de 2012).

Reglamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela (Aprobado por acordo do Pleno da Corporación o día 27 de decembro do 2007 publicada no BOP da Coruña do 31 do xaneiro de 2008. Artigo 99 modificado por acordo do Pleno do 5 de outubro de 2015, publicado no BOP da Coruña do 12 de setembro de 2016. Modificación aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 21 de setembro de 2017. Publicada no BOP da Coruña do 3 de outubro de 2017).

Bases de execución do orzamento.

II

ÁMBITO TEMPORAL E CONTIDO

O réxime legal aplicable á aprobación do Orzamento recóllese no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos artigos 162 a 171 do TRLRHL, no Capítulo Primeiro, artigos 2 a 23 do RP e na normativa actual reguladora da estrutura orzamentaria Orde HAP/419/2014 do 14 de marzo que modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.

Do conxunto destas normas despréndese que:

"Las Entidades Locales elaborarán y aprobarán anualmente un Presupuesto único, que coincidirá con el año natural y que estará integrado por el de la propia entidad, los de los organismos autónomos dependientes de esta y de las sociedades mercantiles cuyo capital social pertenezca íntegramente a la Entidad local".

El artículo 164 TRLRHL determina la integración subjetiva de los estados presupuestarios, mencionando, además de a la propia Entidad, a sus Organismos Autónomos y a las Sociedades mercantiles de capital íntegramente local.

O proxecto de orzamento do Concello de Santiago de Compostela presentase integrado polo orzamento da entidade matriz é os orzamentos das entidades dependentes, incluíndo as sociedades mercantís de capital íntegramente municipal:

- Orzamento da propia entidade, Concello de Santiago de Compostela
- Orzamento do Organismo Autónomo de carácter administrativo Auditorio de Galicia.
- Estado de previsión de ingresos e gastos e Programa de actuación, investimentos e financiamento 2021 da Empresa municipal Información y Comunicación Local S.A. (INCOLSA).
- Estado de previsión de ingresos e gastos e Programa de actuación, investimentos e financiamento 2021 da Empresa Municipal de Xestión do Transporte Urbano S.A. (TUSSA).

Conforme ao establecido na normativa actual reguladora da estrutura orzamentaria, Orde HAP/419/2014 do 14 de marzo que modifica a Orden EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura presupuestaria dos orzamentos das Entidades locais, os orzamentos das entidades administrativas – Concello e OOA Auditorio de Galicia – están constituídos (artigo 165.1 TRLRHL):

1. Os estados de gastos, nos que se inclúen os créditos para atender ó cumprimento das obrigas. O orzamento ten carácter limitativo e vinculante, en relación os créditos incluídos nos estados de gastos, coas especificacións que, en materia de nivel de vinculación xurídica dos créditos se sinalan nas Bases de Execución dos Orzamentos.
2. Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

3. As bases de execución dos orzamentos, comúns para o Concello e OAAA Auditorio de Galicia.

A estrutura orzamentaria que presenta o Proxecto de Orzamentos obxecto deste informe, axústase ao disposto nas Ordes ministeriales indicadas anteriormente, que ditadas en cumprimento da previsión contida no artigo 167 do TRLHRL, establece a estrutura dos Orzamentos locais en base os seguintes criterios:

a).- Respecto ao estado de gastos, os créditos clasifícanse obrigatoriamente:

- pola finalidade dos créditos e obxectivos que con eles se pretende: Áreas de gasto, Políticas de gasto, Grupos de Programas e Programas.
- pola natureza económica: capítulos, artigos, conceptos, subconceptos e partidas.
e con carácter potestativo a clasificación por unidades orgánicas.

No proxecto de Orzamento do Concello de Santiago de Compostela para 2021 inclúese a clasificación orgánica dos gastos, configurada por tres díxitos, indicativos das Concellerías de Área Delegadas e en canto á clasificación por programas è económica desenvólvese a nivel de subprogramas (5 díxitos) e partida (7 díxitos), respectivamente.

Na estrutura prevista nas normas ministeriais de referencia estas dúas últimas clasificacións son abertas polo que se poden crear outros conceptos distintos dos contidos naquelas.

b).- Respecto do estado de ingresos, as previsións do proxecto de Orzamento para 2021 reflicten un desenvolvemento a nivel de partida 5 díxitos.

En definitiva, a estrutura orzamentaria adoptado polo Proxecto de Orzamento que se informa atópase adaptada a Orde HAP/419/2014 do 14 de marzo que modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.

Así mesmo, inclúense as bases de execución do orzamento, cuxa finalidade e adaptar as disposicións xerais en materia orzamentaria á organización é circunstancias do Concello de Santiago de Compostela. Con respecto as correspondentes o último orzamento aprobado aprecianse como modificacións máis relevantes:

A regulación interna dos procedementos excepcionais de recoñecemento extraxudicial de créditos, convalidación è omisión da función interventora (Base 30) en adaptación das prescricións contidas no Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que

se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público Local. Esta modificación foi xa obxecto de aprobación polo Pleno da Corporación no exercicio económico do 2020 durante a execución do orzamento para dito ano.

- A modificación da base relativa a subvencións previstas nominativamente no orzamento, identificándose o seu beneficiario e importe directamente nos estados de gastos do orzamento, así como tamen nun documento Anexo dos gastos dos capítulos IV e VII que se integra no documento orzamentario para a identificación destas subvencións de concesión directa por preverse nominativamente nos orzamentos para o exercicio. Tamén se residencia no ámbito competencial do Pleno da Corporación as modificacións que durante o exercicio poidan experimentar estas subvencións previstas nominativamente en canto os beneficiarios é importe, establecéndose o réxime de publicación e tramitación. (Base 33ª).
- A concreción do ámbito funcional da Vicenintervención (Artigo 26ª) para facilitar o cumprimento e adaptación o Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público Local.
- A regulación do procedemento especial de pago a través de Anticipos de Caixa Fixa, que xa foi obxecto de aprobación polo Pleno da Corporación durante o exercicio 2020 (Base 35ª).
- Adición dun último párrafo na Base 39ª de regulación das normas xerais de contratación, consistente na esixencia de que nos expedientes relativos a contratación de tecnoloxías da información deberán incluír informe ou conformidade do responsable administrativo do Servizo municipal de informática.
- Modificación na Base 42ª de Indemnización por razón do servizo sendo o máis relevante a introducción da posibilidade de que os membros da Corporación poidan ser resarcidos polos gastos en que efectivamente incurran con motivo de comisións de servizos ou alternativamente polo réxime regulado no RD 462/2002 de Indemnizacións por razón do servizo.
- A base 50ª relativa a indemnización por asistencia a tribunais de selección de persoal, axustando o previsto no RD 462/2002 de Indemnizacións por razón do servizo.
- A Disposición Adicional Décimo Quinta, relativa a formación continua por parte dos funcionarios encargados do control interno, en coherencia coa regulación contida no Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público Local.

En definitiva, as bases de execución do orzamento para 2021 comprenden o contido mínimo é regulación necesaria das materias a que se refire o artigo 9.2 do RD 500/90 de 20 de abril, é as modificacións que se introducen nas mesmas para o exercicio económico do 2021 non modifican o lexislado para a administración económica nin comprenden preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

III

ANEXOS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

De conformidade co disposto no artigo 168.1 TRLRHL – modificado polo apartado dous da disposición final primeira do RD Lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das Comunidades Autónomas e Entidades Locais e outras de carácter económico, - e artigo 18.1 do RD 500/1990 que desenvolve o anterior, haberá de unirse ao orzamento a seguinte documentación:

- Memoria explicativa de contido e das principais modificacións que presenta en relación ao orzamento vixente, isto e, o aprobado para no ano 2020. Consta Memoria suscrita pola Sra. Concelleira Delegada das Áreas de Economía e Facenda no que se fai unha descripción do contido do proxecto de orzamento e as modificacións que contén respecto ao anterior, así como referencias a situación económico-financieira e patrimonial da entidade e obxectivos fundamentais que se pretenden conquistar con orzamento que se propón.
- Liquidación do orzamento do exercicio 2019 e avance da liquidación do orzamento do exercicio 2020, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente, suscritas, unha e outro, polo Interventor y confeccionadas conforme establece a Instrucción de Contabilidade para a Administración Local. Ambos documentos constan no expediente e teñen sido confeccionados conforme determina a Instrucción de Contabilidade para a Administración Local, si ben non se encontran suscritos por ista Intervención dado que non teñen sido remitidos na fase de instrucción do expediente. A finalidade destes documentos e dotar dunha referencia inmediata e servir de elemento de xuízo para apreciar a nivelación orzamentaria, de tal xeito que os volúmenes de ingresos e gastos que conteñan deben ser congruentes coas consignacións que se reflictan nos estados de gastos e ingresos do proxecto de orzamento, en caso contrario, isto e, no suposto de que se deduzcan desviacións de ditas consignacións e previsións que non se acomoden o normal crecemento vexetativo deberá exponerse a razón dilo.
- Anexo de persoal. Xustificativo dos créditos autorizados no capítulo I do estado de gastos do proxecto de orzamento, no que

se relacionan e valoran a totalidade dos postos de traballo existentes na Entidade local, de forma que se dé la oportuna correlación con los créditos para personal incluídos en el Presupuesto. Consta anexo de persoal e se ten incorporado o expediente un denominado "cadro de persoal" o que se fara referencia mais adiante con ocasión do análise dos gastos de persoal incluídos no estado de gastos do proxecto de orzamento municipal 2021.

- Anexo de gastos de investimentos e transferencias de capital que totaliza a cifra de 18.482.395,67 euros para a anualidade do 2021, coincidente coa suma das dotacións totais que figuran no estado de gastos do proxecto de orzamento dos capítulos 6 e 7 de investimentos reais e transferencias de capital, coas salvedades que logo se diran no presente informe. Dito documento se encontra codificado e a súa estrutura axustase o contido que fixa o artigo 16 do RD 500/90.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos. Consta dito documento.
- Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen e a referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiación a que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Consta dito documento no expediente.
- Informe económico-financiero suscrito pola Oficiña orzamentaria, no que se exponen as premisas utilizadas para a avaliación dos ingresos a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento. Adxuntase a iste documento con carácter complementario informes dos centros xestores municipais, - Tesourería e Urbanismo -, referentes a avaliación dos ingresos orzados.

No dito informe se deixa constancia da suficiencia dos créditos consignados no proxecto de orzamento para o exercicio económico 2021 para atender o cumprimento das obrigas esixibles, dos gastos de funcionamento dos servizos municipais e dos proxectos de investimento en curso ou que se teñen previsto acometer no ano 2021.

Con todo non se dá cumprimento o establecido no artigo 18.e) do RD 500/90 en relación as operacións de crédito

previstas, dado que no se fai constar nin se inclue neste informe, o detalle das características e condicións de todo orde en que se prevea concertar a operación financeira que se prevé concertar e prevista no proxecto de orzamento para 2020, nin tampouco se fai especial referencia a carga financeira que pesa sobre a entidade antes e despois da formalización de dita operación de endebedamento prevista.

Así mesmo, e con arranxo ao artigo 166 do TRLRHL e artigo 12 RD 500/90, acompañaranse ao orzamento xeral como anexos:

- Plans e programas de investimento e financiamento para un prazo de 4 anos (artigo 12.c ERD 500/90). Los proyectos incluidos en el plan (artículo 19) se identificarán mediante un código que no podrá ser alterado hasta su finalización, y para cada uno de ellos deberá especificarse como mínimo:
 - Código de identificación
 - Denominación del proyecto
 - Año de inicio y año de terminación
 - Importe total previsto
 - Anualidad prevista para cada uno de los cuatro ejercicios.
 - Tipo de financiación, determinando si se financia con recursos generales o afectados.
 - Vinculación de los créditos asignados.
 - Órgano encargado de su gestión.
- Os programas anuais de actuación, investimento e financiamento das sociedades mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou participe maioritario a Entidade local (artigo 12.a RD 500/90), que de conformidade con lo dispuesto en el artículo 114 de esta misma disposición comprenderán:
 - El estado de inversiones reales y financieras a efectuar durante el ejercicio.
 - El estado de fuentes de financiación de las inversiones con especial referencia a las aportaciones a percibir de la Entidad Local o de sus organismos autónomos.
 - La relación de objetivos a alcanzar y las rentas que se esperan generar.
 - Memoria de las actividades que vayan a realizarse durante el ejercicio.

- Estado de consolidación do orzamento da Entidade local co de todos os orzamentos e estados de previsión do OOAA e sociedades mercantís. A tal efecto consta ó estado de consolidación do orzamento da propia entidade co dos orzamentos de Auditorio de Galicia, INCOLSA e TUSSA. Iste documento supón que os orzamentos dos distintos entes con personalidade xurídica que realicen actividades municipais se unifican, eliminándose as posibles duplicidades, en canto a gastos e ingresos recíprocos, que poidan darse entre sí. Isto permite aportar a visión real de toda a actividade económico-financieira do ente independentemente das formas de xestión dos servizos que teñen sido elexidas.
- O estado de previsión de movemento e situación da débeda comprensiva do detalle de operación de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volumen de endebedamento o peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia o mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

Constan no expediente o estado de consolidación do orzamento xeral e o estado de previsión do movemento e situación da débeda.

Con respecto o estado de consolidación a sua estrutura e información axustase o previsto no artigo 118.1 do RD 500/90.

A restante documentación que integra o expediente orzamentario está constituída por:

Contas para o ano 2020 da empresa de capital mixto Mercagalicia, mercantil con participación maioritaria dista Administración municipal cuxo.

Tamen se inclúe o Orzamento da Fundación Refuxio de animais, aínda que estes non se integran formalmente no orzamento xeral segundo establece a normativa que vimos indicando. A Fundación Refuxio de animais non forma parte do perímetro de consolidación do orzamento xeral, inda que si para os efectos da LOEPSF, ao haberse sectorizado como Administración Pública pola Intervención Xeral do Estado, tal e como consta no Inventario da Oficiña Virtual de Entidades Locais.

Tamén consta no expediente dilixencia, que non certificación, de que a Mesa Xeral de Negociación do Concello de Santiago de Compostela, en sesión extraordinaria celebrada os días 8 é 10 11 de febreiro do 2021, abordou dentro da orde do día "o cadro de persoal xunto cos orzamento do Capítulo I".

Completan o expediente orzamentario, as Bases de execución do orzamento, os expedientes das entidades que forman parte do perímetro de consolidación, isto e, o organismo autónomo Auditorio de Galicia e as mercantis INCOLSA e TUSSA, un denominado "cadro de persoal" e a proposta o Pleno da Corporación en relación o expediente suscrita pola Sra. Concelleira Delegada das Áreas de Economía e Facenda.

As consideracións que son obxecto de avaliación no presente documento corresponden ao proxecto de orzamento xeral sometido a informe. No caso de que o proxecto analizado sufra algunha modificación durante a súa tramitación, como consecuencia dalgunha ou todas as enmendas presentadas ao seu contido, o proxecto modificado poderá requirir a emisión dun novo informe complementario ao presente.

IV

TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE E ÓRGANO COMPETENTE PARA A SUA APROBACIÓN.

1.- Prazos.

O artigo 168.4 TRLRHL e en idéntico senso o 18.4 do Real Decreto 500/90, determinan que corresponde o Presidente da Entidade Local, formar e elaborar o Orzamento Xeral, para sometelo inicialmente a consideración da Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e posteriormente remitilo, informado pola Intervención e coa documentación complementaria e anexos previstos no TRLRHL o Pleno da Corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, enmenda ou devolución.

O acordo en todo caso, - de conformidade co previsto no artigo 168.5 TRLRHL – debe ser único e afectará a todos os orzamentos que integran o xeral e por conseguinte non poderan ser obxecto de aprobación separada do xeral por parte dos órganos colexiados municipais correspondentes.

A vista dos preceptos invocados desprendese que o proxecto de Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico do 2021, non se axusta na súa tramitación temporal o establecido nos preceptos da normativa reguladora das facendas locais.

Con todo, debe terse en conta o artigo 48 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que nos seus apartados 2 e 3 sinala:

"Artículo 48. Anulabilidad.

(...)

- 2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.*
- 3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo".*

Por conseguinte, o principio antiformalista que consagra o corpo legal citado e a presunción de validez do acto, determinan que a forma non deba de prevalecer de maneira indefectible sobre outro tipo de valores ou principios como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigurosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe ser obxecto de flexibilización nos supostos nos que, de acordo cos indicados valores, perda o seu sentido, como ocorre na extemporaneidad de referencia.

A istes efectos, a xurisprudencia xa ten vido señalando que *"el procedimiento administrativo es una garantía para el particular, por lo que la forma debe ceder ante la posibilidad que se da en este caso de que el Tribunal pueda enjuiciar el fondo del asunto para dar solución definitiva a la controversia planteada"* (STS 20-9-1986, Arz. 4519).

En definitiva, a aprobación do Orzamento municipal para un exercicio, despois do 31 de decembro do ano anterior e antes da súa conclusión pode constituír unha irregularidade non invalidante, pero non un vicio de nulidade, sendo así que o artigo 21, apartados 5, 6 e 7 do RD 500/90 do 20 de abril de desenvolvemento da Lei 39/888 de Facendas Locais, contempla precisamente a posibilidade de que ao Orzamento prorrogado do exercicio anterior – consecuencia da non aprobación antes do 31 de decembro do ano anterior – sígalle un Orzamento definitivo que poida modificar ao prorrogado, recolléndose no ámbito local o que se prevé no artigo 38 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria respecto ao Estado, permtiéndose por tanto unha aprobación extemporánea polo límite fixado no artigo 150.2 do TRLRHL, sempre que os seus efectos poidan retrotraerse ao 1 de xaneiro en que empezase a rexer.

E este é o caso que se produce en relación o expediente que se informa, dado que mentres non entre en vigor o proxecto de Orzamentos que se tramita, terá vixencia o prorrogado do ano 2020 de acordo co previsto no artigo 169.6 TRLRHL e 21 do RD 500/90 de 20 de abril.

2.- Tramitación.

De conformidade o disposto no TRLRHL, LRBRL e Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral, que segundo o referido Regulamento orgánico ten preferencia na súa tramitación respecto aos demais traballos do Pleno (artigo 97.2) comprende as seguintes fases sucesivas:

- **Aprobación do proxecto.** Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno Local (Artigo 127.1.b) LRBRL).
- **Presentación de enmendas.** Conforme o artigo 99 do Regulamento Orgánico do Pleno: *“unha vez presentado á Xunta de Goberno Local o proxecto de orzamento xeral do Concello será enviado á comisión competente e, simultaneamente, aos/as portavoces dos grupos políticos e concelleiros e concelleiras non adscritos para que o coñezan e poidan presentar enmendas durante un prazo non inferior a cinco días hábiles ata o día hábil anterior – inclusive a aquel en que se vaia a celebrar a sesión de inicio e estudo e ditame do proxecto de orzamento xeral do concello por parte da comisión informativa*
–

Pola súa parte o artigo 100 do Regulamento (Enmendas) establece o seguinte:

“1. As enmendas ao orzamento xeral do Concello poderán referirse ao articulado das bases de execución, aos estados de gastos e aos estados de ingresos.

2.- As enmendas de creación ou de incremento dos estados de gastos do orzamento só poderán ser admitidas a trámite se propoñen unha baixa por igual contía na mesma subfunción orzamentaria.

Do mesmo xeito, as enmendas de supresión ou minoración aos estados de gastos só poderán ser admitidas se supoñen un incremento por igual contía na mesma subfunción orzamentaria.

3.- As enmendas de creación ou incremento de gastos do orzamento deberán recoller a xustificación do importe das aplicacións de gastos que se propoñen.

4.- Non se admitirán enmendas que supoñan incrementos ao estado de ingresos”.

As enmendas aos estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos inicialmente previstos só poderán ser admitidas a trámite se propoñen unha baixa por igual contía no estado de gastos. Así mesmo, requirirán para a súa tramitación a conformidade da Xunta de Goberno. Para tal efecto a comisión competente, a través do secretario ou secretaria do Pleno, enviaralle a Xunta de Goberno as enmendas incluídas neste suposto a cal deberá manifestar a súa posición no prazo de sete días.

No obstante o anterior, a Xunta de Goberno poderá manifestar a súa disconformidade coa tramitación de enmendas que supoñan diminución do estado de ingresos orzamentarios en calqueira momento do procedemento de aprobación do orzamento, se non foi inicialmente consultada na forma establecida no parágrafo anterior.

5.- As enmendas ao articulado das bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán ter a súa correspondente enmenda aos estaos de gastos e aplicaráselles as mesmas regras que as referidas a estes.

Non se poderán admitir enmendas ao articulado que supoñan aumentos de ingresos.

As enmendas ao articulado que supoñan diminución de ingresos.”

- **Elevación ao Pleno.** Ditame da Comisión Informativa de Facenda para o posterior sometemento o Pleno da Corporación para a súa aprobación, enmenda ou devolución.
- **Aprobación inicial.** Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será único, deberá detallar os orzamentos que componen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser obxecto de aprobación por separado.
- **Exposición o público.** Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os que os interesados poderán examinar e presentar reclamacións perante o Pleno. De conformidade o artigo 30 da Lei 39/2015 de 1 de outubro del Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, tal prazo de 15 días debe entenderse como hábiles estando ao indicado en dito precepto a efectos do seu cómputo.
- **Aprobación definitiva.** O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.
- **Publicación e entrada en vigor.** Publicación do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado é da Comunidade Autónoma.

Polo que respecta a entrada en vigor, dadas as datas en que se esta a tramitar o expediente, tal publicación tería lugar xa iniciado o exercicio 2020, polo que entrará en vigor o día da súa publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orzamento definitivo aprobase con efectos a 1 de xaneiro es os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos

iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

Finalmente copia dos orzamentos e das súas modificacións deberán encontrarse a disposición do público aos efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio. Asimesmo resulta de obrigatoria observancia as esixencias de publicidade reguladas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

V

CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

A Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira – LOEPYSF – ten establecido entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas e por iso a aprobación e liquidación dos orzamentos das Entidades locais debe realizarse baixo o cumprimento das tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e a débeda pública.

Pero como é sabido o Congreso dos Deputados na súa sesión do 20 de outubro do 2020 apreciou por maioría absoluta dos seus membros que se produciu unha situación de emerxencia extraordinaria que motivaba a suspensión das regras fiscais, requisito este que require o artigo 11.3 da LOEPYSF e tamén o apartado 4 do artigo 135 da vixente Constitución española de 1978.

En base ao devandito acordo quedan suspendidos o Acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro do 2020 polo que se adecúan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o ano 2020 para os efectos da súa remisión ás Cortes Xerais, así como o Acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro do 2020 polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2021-2023 para a súa remisión ás Cortes Xerais e o límite do gasto non financeiro do orzamento do Estado para 2021.

Con todo, é importante ter en conta que a suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021 non implica a suspensión da aplicación da LOEPYSF, do RD Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nin do resto da normativa hacendística, pois continua en vigor, e por tal razón continúa vixente a obrigaçión de

que a intervención informe sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10 e da sustentabilidade financeira en termos de débeda financeira con carácter independente, con ocasión da aprobación do orzamento.

Por outra banda, debe terse en conta que o artigo 30 da LOEPYSF atópase plenamente vixente e nel dispónse que as Corporacións Locais deben aprobar un límite de gasto non financeiro co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto que marcará o teito de asignación de recursos nos Orzamentos. Este teito de gasto, dada a suspensión das regras fiscais, virá condicionado tan só pola normativa orzamentaria e non polos criterios de contabilidade nacional, dado o novo marco xurídico de suspensión das regras fiscais.

En definitiva, na medida en que continúa vixente o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, de conformidade co seu artigo 16 a intervención local debe elevar ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus entes dependentes que fosen cualificados como Administracións Públicas, informe que se emitirá con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRHL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Por este motivo incorpórase ao expediente un informe independente desta intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela e dos seus entes dependentes sectorizados como Administracións Públicas.

En canto ao obxectivo de débeda pública, dita magnitude debe medirse en termos de volume de débeda viva e do límite do endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito en base ao réxime establecido polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo RD Legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Así en efecto respecto do obxectivo de débeda pública, as Entidades locais terán a obrigaición de non pasar o límite de débeda global fixado nunha porcentaxe sobre o PIB para cada exercicio tal e como establece o artigo 13 da LOEPYSF. Con todo, nunca foi posible calcular esta variable, pois para a Administración Local non se aprobou un límite en termos de ingresos non financeiros nin se estableceu de forma individualizada.

Ante esta tesitura, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na Nota Explicativa da Reforma Local actualizada a data do 17 de setembro de 2015, indicou que equivalería ao límite de débeda referido ao 31 de decembro do exercicio inmediato anterior, de acordo cos criterios establecidos nos Artigos 51 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en canto ás operacións de endebedamento en xeral, para a aplicación do réxime de autorización para formalizar as devanditas operacións cando os sexan a longo prazo.

En consecuencia e na práctica habitual, as Entidades Locais aplicaban de forma análoga para a avaliación desta variable, os límites aplicables á concertación de operacións de endebedamento, con todo, con estes límites non resulta posible determinar o límite da débeda como prevé o citado artigo 13 en termos do PIB e por tanto, nunca foi posible cumprir ou incumprir este obxectivo.

En definitiva na medida en que como nunca foi posible incumprir este obxectivo, a suspensión do mesmo non vai producir ningún efecto, sempre que se cumpran os límites que sobre o endebedamento das entidades do sector público local establece o RD Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a iso nos referimemos máis adiante no presente informe.

Por último, a regra de gasto calcúlase comprobando que a variación do gasto computable entre o exercicio corrente e o inmediatamente anterior non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB fixada para o devandito exercicio. Así, entenderase por gasto computable aos empregos non financeiros, isto é, os gastos dos capítulos 1 a 7 do Orzamento definidos en termos do SEC-10, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento. É dicir, o gasto non financeiro ten un límite máximo, incumpríndose a regra de gasto canto o gasto computable liquidado así definido excede do gasto máximo que corresponde a cada exercicio.

A suspensión da regra de gasto vai significar que as obrigacións recoñecidas netas de os capítulos 1 a 7 poderán superar o límite máximo de gasto non financeiro producindo un incumprimento da regra de gasto, sen dar lugar a aplicar as medidas previstas para os supostos de incumprimento, é dicir, sen ser necesaria a aprobación dun PEF. Con todo, existe un matiz nesta cuestión e é que ao estar suspendida a regra de gasto, tamén o está a taxa de referencia do crecemento do PIB para os exercicios

2020 e 2021, - que se fixaron no 2,9% e 3%, respectivamente – e con iso, devén complicado o seu cálculo mesmo a efectos informativos e así as obrigacións recoñecidas netas dos capítulos 1 a 7 poderán alcanzar o importe que considere a Corporación en termos de responsabilidade fiscal e prudencia, sen que existe un límite máximo para os exercicios 2020 e 2021.

Con todo, aínda que ao suspenderse a regra de gasto non resulta necesaria a súa avaliación con motivo da aprobación do orzamento para 2021, se resulta necesario a aprobación dun límite de gasto non financeiro de conformidade co artigo 30 da LOEPYSF. Esta variable ou límite de gasto non financeiro débese aprobar antes dos orzamentos e virá condicionado só pola normativa orzamentaria e non por criterios de contabilidade nacional.

É dicir, este teito de gasto non financeiro vén limitado exclusivamente polo total de ingresos non financeiros e a nivelación orzamentaria do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en canto a que os ingresos correntes han de cubrir os gastos correntes e os gastos de amortización da débeda.

VI

MARCO PRESUPUESTARIO

O Principio de plurianualidad recollido no artigo 5 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, encadra a elaboración dos Orzamentos das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei nun marco orzamentario a medio prazo, compatible co principio de anualidade polo que se rexen a aprobación e execución dos Orzamentos, de conformidade coa normativa europea.

En cumprimento do artigo 29 da referida norma legal, aprobáronse os marcos orzamentarios para o período 2021-2023 e o envío dos mesmos ao Ministerio de Facenda, mediante Decreto da Concelleira Delegada da área de Economía e Facenda do 19 de maio do 2020 (DEC/3392/2020) é as liñas fundamentais do orzamento 2021, aprobadas por Decreto da mesma Concelleira de data 10 de setembro do 2020 (DEC/6388/2020).

Con todo estas ferramentas de planificación orzamentaria, esto é, as liñas fundamentais dos orzamentos 2021 é os Plans orzamentarios a medio prazo 2021-2023, xa aprobadas para os exercicios 2020 e 2021, como consecuencia da suspensión das regras fiscais no tendrán incidencia. Estas ferramentas de planificación orzamentaria se elaboraron con carácter previo o orzamento, intre no que non se encontraban suspendidas as regras fiscais é vixentes os acordos do Consello de Ministros que

fixaban estes objetivos, pero agora xa non o están polo que las liñas fundamentais do orzamento 2021 que foron comunicadas no mes de setembro o Ministerio é o Plan orzamentario a medio prazo dos exercicios 2021-2023 remitidos no mes de marzo, non son vinculantes nin aplicables, o ter mudado o marco normativo das regras fiscais para ditos exercicios.

VII

EQUILIBRIO E NIVELACIÓN ORZAMENTARIA

A análise do equilibrio orzamentario pode realizarse dende diferentes puntos de vista, algún deles requeridos pola vixente normativa sobre Administración financeira e outros que revisten utilidade para a análise económico-financieira. Para os cálculos tomamos os datos que figuran nos estados de gastos e ingresos do orzamento consolidado 2021 que figura no expediente remitido.

1.- Equilibrio orzamentario do artigo 165.4 do TRLRHL.

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a procura da nivelación ou equivalencia entre a totalidade dos ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente estimadas.

No sector público local, así aparece recollido nos artigos 165 do TRLRHL e 16 do RP ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

ESTADO	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	TUSSA	AXUSTES	TOTAL
INGRESOS	125.020.077,77	2.683.304,12	3.040.536,50	3.422.451,28	6.427.358,89	127.739.010,78
GASTOS	125.020.077,77	2.683.304,12	3.012.072,29	3.378.945,88	6.427.358,89	127.667.041,17
SUPERÁVIT (+)	0,00	0,00	28.464,21	43.505,40	0,00	71.969,61
OU DÉFICIT (-)						

Como se pode comprobar no cadro anterior as entidades sometidas a orzamento limitativo, isto é, a entidade matriz e o OO:AA Auditorio de Galicia preséntanse formalmente equilibrados e no caso das sociedades mercantís, ambas presentan superávit, arroxando o Orzamento Xeral un superávit de 71.969,61 euros, polo que en definitiva dáse cumprimento ao requerido polos artigos

165.4 do TRLRHL e 16 do RP, de que ningún dos orzamentos que integran o xeral poida arroxar déficit, requisito que se debe manter ao longo da execución do documento orzamentario.

2.- Déficit ou superávit de operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2009, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), das de capital (capítulos 6 a 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa parte, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse por separado das operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 a 7) e as financeiras (capítulos 8 a 9), de acordo coa estrutura que se detalla no anexo IV da Orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2021 presenta o seguinte detalle:

ESTADO	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	TUSSA	AXUSTES	TOTAL
INGRESOS	106.226.170,41	2.673.304,12	3.040.536,50	3.229.451,28	6.234.358,89	108.935.103,42
GASTOS	103.570.861,36	2.653.304,12	3.009.122,29	3.185.945,88	6.234.358,89	106.184.874,76
SUPERÁVIT (+)	2.655.309,05	20.000,00	31.414,21	43.505,40	0,00	2.750.228,66
OU DÉFICIT (-)						

3.- Déficit ou superávit por operacións non financeiras: Saldo orzamentario non financeiro ou capacidade de financiamento (sen axustes SEC-10).

Seguindo a clasificación prevista no apartado anterior, e sen practicar os axustes necesarios en orde a establecer a equivalencia entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, de observancia obrigatoria para a determinación do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos da LOEPSF, considerando os ingresos por operacións non financeiras e os gastos de igual natureza:

ESTADO	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	TUSSA	AXUSTES	TOTAL
INGRESOS	112.780.313,68	2.673.304,12	3.040.536,50	3.422.451,28	6.427.358,89	115.489.246,69
GASTOS	122.053.257,03	2.673.304,12	3.012.072,29	3.378.945,88	6.427.358,89	124.690.220,43
SUPERÁVIT (+)		0,00	28.464,21	43.505,40	0,00	
OU DÉFICIT (-)	-9.272.943,35					-9.200.973,74

Donde se pon de manifesto que non queda garantido que o total de ingresos correntes (capítulos 1 a 5 excluidos posibles ingresos finalistas para gastos de inversión) sea superior a suma dos gastos correntes (capítulos 1 a 5) máis os gastos de amortización de débeda (capítulo 9).

O incumprimento desta nivelación orzamentaria de carácter parcial que require que os ingresos correntes cubran gastos correntes mais o reembolso da débeda do exercicio, daría lugar a que non fora posible a aprobación do orzamento, de forma que es necesario reducir los créditos iniciais na contía do exceso producido.

Con todo, este desequilibrio é mais formal que real é ben orixinado pola execución do proxecto de gasto SMARTIAGO.

Este proxecto ten o carácter de préstamo-subvención, de tal xeito que os fondos alleos que se perciben para a financiación deste proxecto teñen a natureza de ingreso financeiro é como tal teñen que ser tratados, constituindo, en consecuencia, un pasivo financeiro para esta Administración municipal.

De esa natureza de ingreso financeiro quedan despoixados tales fondos unha vez executado e xustificado o gasto que financian, pasando nese intre, unha vez validada polo ente concedente a correspondente xustificación, a configurarse como ingreso non financeiro en concepto de subvención de capital. Pola contra os fondos correspondentes a gastos non executados é os correspondentes a gastos xustificadas pero non validados, manteñen a su condición de ingreso financeiro e teñen que ser reembolsados o ente concedente.

Pois ben, do total do importe concedido para este proxecto pola Administración estatal por importe de 4.944.000,00 euros, a instancia estatal transferiu un primer anticipo o Concello por importe de 1.977.600 euros, para os cales se estableceu como prazo para xustificar os gastos executados con cargo a dito anticipo o mes de febreiro do actual ano 2021.

Do total do anticipo recibido se executaron un total de 1.098.244,40 euros que foron obxecto de xustificación, quedando pendentes de executar e xustificar é polo tanto debendo ser reembolsados a entidade concedente a contía de 879.355,60 euros.

Esta operación se reflexa no proxecto do orzamento 2021, por un lado consignando no capítulo 3 de gastos financeiros a contía de 101.547,50 euros para atender os xuros de demora pola importe non executado do anticipo recibido. Por outro lado, para reflexar a conversión do ingreso financeiro en subvención de capital se consigna no capítulo 9 de variación de pasivos financeiros do estado de gastos a contía de 1.098.244,40 euros para reflexar a amortización da cantidade executada e para a súa conversión en subvención a mesma cantidade no capítulo VII de transferencias de capital do estado de ingresos, de tal xeito que esta operación de conversión non supón saída material de fondos tendo carácter virtual.

Con todo o interventor que suscribe entende que o feito de que esta cantidade executada teña sido obxecto de xustificación, non implica a conversión automática do ingreso financeiro en non financeiro, pois para elo se require a validación da Administración estatal da referida xustificación.

En calqueira caso o desequilibrio que se produce nas masas orzamentarias é como decíamos de carácter formal é ven propiciado pola interpretación da oficina orzamentaria en relación o tratamento orzamentario e contable de esta operación, que segundo se indica ven imposto polo propio clausulado do Convenio que regula o réxime económico desta subvención. Con todo ese tratamento contable e orzamentario se establecerá no momento en que se faga efectiva aquela validación.

4.- Análisi dos fluxos orzamentarios: Aforro bruto é aforro neto.

O aforro bruto e o aforro neto financeiro son indicadores orzamentarios que mostran a autonomía financeira da Administración municipal na súa actividade orzamentaria. Estes indicadores permiten avaliar dende a perspectiva orzamentaria, a cobertura dos gastos e en consecuencia a necesidade de ter que recorrer ao endebedamento orzamentario.

O aforro bruto permite determinar a capacidade da Administración municipal para cos ingresos procedentes de operacións correntes facer fronte ao gasto por operacións da mesma natureza e xerar recursos financeiros cos que atender ao reembolso da carga financeira anual (amortización anual de pasivos financeiros e intereses da débeda).

O cálculo de este indicador realízase por diferenza entre os ingresos ordinarios e os gastos da mesma natureza, entendendo por tales aqueles que teñen un carácter recorrente e repetitivo, polo que se exclúen do cómputo aqueles ingresos correntes que financian investimentos como as contribucións especiais e determinados ingresos urbanísticos, como as cotas de urbanización e os aproveitamentos urbanísticos, os gastos financiados con recursos non orixinados no propio exercicio, isto é, os financiados co Remanente de Tesourería e aqueles ingresos que teñan unha natureza atípica.

Para a determinación das devanditas magnitudes nos cálculos que se reflicten no cadro que se insere a continuación dedúcense os ingresos derivados de contribucións especiais afectos aos investimentos do servizo de extinción de incendios previstos no Convenio suscrito para o efecto co Consorcio de Compensación de Seguros.

	CONCELLO	AUDITORI O	INCOLSA	TUSSA	AXUSTES	TOTAL
		2.673.304,1	3.040.536,5	3.229.451,2	6.234.358,8	108.935.103,
INGR. CORRIENTE	106.226.170,41	2	0	8	9	42
INGR.EXTRAORD	413.794,96					413.794,96
AFFECT.INVERSION						
		2.653.304,1	3.009.122,2	3.185.945,8	6.234.358,8	106.184.874,
GASTO CORR	103.570.861,36	2	9	8	9	76
AHORRO BRUTO	2.241.514,09	20.000,00	31.414,21	43.505,40	0,00	2.336.433,70
AMORTIZACIÓN	2.844.622,74	0,00	0,00	0,00	0,00	2.844.622,74
AHORRO NETO	-603.108,65	20.000,00	31.414,21	43.505,40	0,00	-508.189,04

O aforro bruto obtido é de signo positivo no conxunto consolidado por importe de 2.336.433,70 euros o que implica que o proxecto de orzamento que se informa estima que cos seus ingresos ordinarios dará cobertura aos gastos da mesma natureza, xerando un excedente por aquela contía co que atender a amortización da débeda correspondente ao devandito exercicio, así como o custo do servizo da débeda que se orixinou en exercicios anteriores e que, utilizouse para financiar investimentos nestes exercicios.

Con todo o aforro neto financeiro e de signo negativo cun valor de – 508.189,04 euros, vén determinado pola diferenca entre o aforro bruto e a carga financeira e é un indicador da contribución da execución orzamentario ao esforzo inversor.

E dicir, o aforro bruto representa, por tanto, o exceso de financiamento derivado das operacións correntes. Unha parte dese superávit debe ir destinado á devolución da débeda que vence no exercicio, recibindo a diferenca resultante a denominación de aforro neto. Se o aforro neto é positivo, destinarase a financiar os gastos orixinados polas operacións de investimento, xunto cos recursos procedentes de tales operacións. Se, pola contra, o aforro neto é negativo, a entidade terá que recorrer a débeda ou ao alleamento de investimentos para poder atender ao pago da carga financeira ou mesmo ás obrigas correntes.

En definitiva, a magnitude de Aforro Neto ven a poñer de manifestó a capacidade de financiar investimentos con ingresos correntes, concepto que se debe diferenciar do Aforro neto “legal” que se introduxo na Lei Reguladora das Facendas Locais como unha ratio de control do endebedamento local. Neste epígrafe non estamos a utilizar o aforro neto “legal” senon a súa acepción como magnitude que mostra a súa capacidade de ser utilizada como fonte de financiación de investimentos.

Desta maneira, a análise dos fluxos orzamentarios permite verificar, en definitiva, que os recursos procedentes do endebedamento e os demais ingresos extraordinarios ou non correntes, únicamente empréganse para os fins previstos na lexislación vixente, evitando os riscos dunha posible descapitalización da entidade.

Con todo como xa se indicou anteriormente esta valor negativo que acada o aforro neto, obedece a que a dotación económica que se consigna para a devolución de débeda financeira non é a efectiva, dado que na mesma se computa o importe de 1.098.244,40 euros que se corresponde coa amortización do gasto executado e xustificado do primer anticipo recibido para a financiación do proxecto SMARTIAGO. Eliminando da amortización para o exercicio este importe resultaría:

	CONCELLO	AUDITORI O	INCOLSA	TUSSA	AXUSTES	TOTAL
		2.673.304,1	3.040.536,5	3.229.451,2	6.234.358,8	108.935.103,
INGR. CORRIENTE	106.226.170,41	2	0	8	9	42
INGR.EXTRAORD	413.794,96					413.794,96
AFECT.INVERSION						
		2.653.304,1	3.009.122,2	3.185.945,8	6.234.358,8	106.184.874,
GASTO CORR	103.570.861,36	2	9	8	9	76
AHORRO BRUTO	2.241.514,09	20.000,00	31.414,21	43.505,40	0,00	2.336.433,70
AMORTIZACIÓN	1.746.378,34	0,00	0,00	0,00	0,00	1.746.378,34
AHORRO NETO	495.135,75	20.000,00	31.414,21	43.505,40	0,00	590.055,36

De donde se obtén un valor positivo do aforro neto co significado e interpretación exposto anteriormente.

IX ORZAMENTO DO CONCELLO

O proxecto de orzamento do Concello para o ano 2021, se presenta con unha variación a alza do seu montante con respecto o aprobado no exercicio económico do 2020 dun 6,88%, sumando tanto en gastos como en ingresos a contía de 125.020.077,77 euros polo que dáse cumprimento ao requerido polos artigos 165.4 do TRLRHL e 16 do RP, de que ningún dos orzamentos que integran o xeral poida arroxar déficit, requisito que se debe manter ao longo da execución do documento orzamentario.

IX.1 ESTADO DE INGRESOS

O estado de ingresos do proxecto de orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio económico do 2021 importa un total de 125.020.077,77 euros, o que supón unha variación a alza con respecto o aprobado inicialmente no exercicio anterior dun 6,88%. O que en termos absolutos supón un aumento de 8.044.482,44 euros.

O ingreso corrente que cifra a cuantía de 106.226.170,41 euros se incrementa nun 0,89% e os de capital unha diminución do 27,82%%.

O total das operacións de natureza non financeira experimentan unha variación a baixa con respecto a 2020 dun 1,39%, Esta porcentaxe debe ser axustada minorando o total previsto para as transferencias de capital no importe de 1.098.244,40 euros que se preveen no capítulo VII de ingresos pero que non se destinan a financiación de gastos por operacións de capital senon a amortización do gasto executado polo proxecto SMARTIAGO sobre a base de que a xustificación do mesmo sexa validada pola Administración concedente da financiación. Descontado dita contía se reflexará de xeito axustado a relevancia e incidencia real da apelación o endebedamento para a financiación dos gastos de capital do proxecto de orzamento para 2021.

No cadro que se se inserta de seguido reflíctese o proxecto de orzamento de gastos do Concello de Santiago de Compostela para 2020 a nivel de capítulo da clasificación económica:

CAPITULO	PREVISIÓNS		PESO RELATIVO	PREVISIÓNS		DIFERENC RELATIVA %
	2021			2020	DIFERENC	
				48.543.650,3		
1	48.558.956,77		38,84	7	15.306,40	0,03
2	3.752.916,54		3,00	4.328.197,78	575.281,24	-13,29
3	19.616.331,36		15,69	19.766.604,8	-	
4	33.940.448,54		27,15	8	150.273,52	-0,76
				32.284.823,5	1.655.624,9	
				5	9	5,13

CAPITULO	PREVISIÓNS	PESO	PREVISIÓNS	DIFERENC	
	2021	RELATIVO	2020	DIFERENC	%
5	357.517,20	0,29	363.079,20	-5.562,00	-1,53
OP.CORRIENTES	106.226.170,41	84,97	105.286.355,78	939.814,63	0,89
				-	
				3.135.194,8	
6	2.128.434,00	1,70	5.263.628,88	8	-59,56
7	4.425.709,27	3,54	3.816.214,52	609.494,75	15,97
				-	
				2.525.700,1	
OP.CAPITAL	6.554.143,27	5,24	9.079.843,40	3	-27,82
				-	
			114.366.199,18	1.585.885,5	
OP.NO FINANCIER	112.780.313,68	90,21	18	0	-1,39
8	65.000,00	0,05	65.000,00	0,00	0,00
				9.630.367,9	
9	12.174.764,09	2,8	2.544.396,15	4	378,49
				9.630.367,9	
OP.FINANCIERAS	12.239.764,09	2,88	2.609.396,15	4	369,07
			116.975.595,8	8.044.482,4	
TOTAL INGRESOS	125.020.077,77	100,00	33	4	6,88

Os ingresos de natureza tributaria cuxas estimacións se conteñen nos capítulos 1 (Impostos directos), 2 (Impostos indirectos) e nos artigos do capítulo 3 relativos a taxas e contribucións especiais supoñen un 53,37% do total do estado de ingresos do proxecto do orzamento para 2021, e por conseguinte en termos similares o exercicio anterior.

IMPORTE
ORZAMENTO 21

CAP/ARTC DESCRIPCION

1	Impostos directos	48.558.956,77
2	Impostos indirectos	3.752.916,54
	Taxas pola prestación de	
30	serv.pub.basicos	7.423.093,67
32	Taxas pola realiz.de activ.compet.local	2.881.816,45
33	Taxas utiliz.aprov.dominio público local	3.698.382,75
35	Contribucións especiais	413.794,96
	TOTAL	66.728.961,14

En cuanto o resto dos ingresos do Capítulo 3, que comprenderían aqueles asimilados os ingresos de natureza tributaria como son os precios públicos e outros ingresos de natureza diversa e imprevistos, totalizan a cifra de 5.209.523,83 euros o que representa un 4,45% do total orzamentado.

ARTICULO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE ORZAMENT 21
34	Precios públicos	1.334.243,53
38	Reintegro de operacións correntes	4.000,00
39	Outros ingresos	3.861.000,00
	TOTAL	5.199.243,53

Da comparación dos importes das estimacións incluídas no proxecto de orzamento para 2021 para esta categoría de recursos municipais co importe dos dereitos recoñecidos netos polos mesmos conceptos liquidados no exercicio anterior do 2020 encontrándose na actualidade os traballos de peche da contabilidade de dito ano practicamente rematados é da comparación coas estimacións que dos mesmos se estableceron no orzamento para o ano anterior do 2020, non se aprecian desviacións de relevancia nos mesmos e polo tanto tales estimacións poden considerarse congruentes cos volumenes de dereitos liquidados por iste concepto coa liquidación correspondente o exercicio 2020.

Nos cadros que se insertan de seguido se mostra a comparación entre as estimacións para 2021, as previsións do orzamento do ano anterior do 2020, e os dereitos recoñecidos netos no exercicio anterior do 2020 para estas categorías tributarias e ingresos asimilados:

CAP/ARTC	DESCRIPCION	IMPORTE	ORZAMENTO	
		ORZAMENTO 21	20	DRN 2020
1	Impostos directos	48.558.956,77	48.543.650,37	47.593.818,45
2	Impostos indirectos	3.752.916,54	4.328.197,78	2.700.730,54
	Taxas pola prestación de			
30	serv.pub.basicos	7.423.093,67	6.980.000,00	6.701.465,69
32	Taxas pola realiz.de activ.compet.local	2.881.816,45	3.308.005,00	2.366.519,19
33	Taxas utiliz.aprov.dominio público local	3.698.382,75	3.858.643,35	3.744.449,28
35	Contribucións especiais	413.794,96	410.432,70	725.070,92
	TOTAL	66.728.961,14	67.428.929,20	63.832.054,07
34	Precios públicos	1.334.243,53	1.494.723,83	342.921,32
38	Reintegro de operacións correntes	4.000,00	6.800,00	5.679,42
39	Outros ingresos	3.861.000,00	3.708.000,00	3.398.658,95
	TOTAL	5.199.243,53	5.209.523,83	3.747.259,69

Con todo e a xuízo desta Intervención a a estimación destes ingresos correntes debería ir orientada por un criterio de prudencia, de maneira que os importes consignados no estado de ingresos se estimen en base o criterio de caixa, e dicir, se aproximen aos importes que se espera recaudar efectivamente, o que implica axustarse o criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recaudación sexa incerta (Regulamento CE 2516/2000).

O Capítulo IV de Transferencias correntes que representa un 27,15% do montante total das estimacións de ingresos do proxecto de orzamento que se informa, acada a cifra de 33.940.448,54 euros o que supón un incremento porcentual respecto as previsións do orzamento inicial do ano anterior do 5,13%.

No informe económico-financieiro elaborado pola oficina orzamentaria relacionanse as distintas subvencións e transferencias que conforman iste capítulo, e se indica a documentación ou información da que deriva a cuantificación das estimacións correspondentes.

En relación con estes recursos debemos indicar que respecto daquelas transferencias doutras instancias administrativas de carácter finalista e condicionado debe terse en conta o establecido no artigo 173 (Exigibilidade das obrigas, prerrogativas e limitación dos compromisos de gastos”) do TRLRHL que no seu apartado 6.a) establece de forma expresa:

"6. (...) la disponibilidad de los créditos presupuestarios quedará condicionada, en todo caso a:

a) La existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de aportación, en caso de ayudas, subvenciones, donaciones u otras formas de cesión por terceros tenidos en cuenta en las previsiones iniciales del presupuesto a efecto de su nivelación y hasta el importe previsto en los estados de ingresos en orden a la afectación de dichos recursos en la forma prevista por la ley o, en su caso, a las finalidades específicas de las aportaciones a realizar”.

Por tanto, en base a iso os créditos afectados a este ingresos finalistas non poderán ser obxecto de execución ata tanto en canto ese compromiso de achega adquiran firmeza mediante a súa concesión formal a través da correspondente resolución ou acordo e a súa instrumentación, no seu caso, mediante o correspondente Convenio.

O capítulo V de ingresos patrimoniais que recolle as estimacións de ingresos de natureza non tributaria procedentes da renda da propiedade e de carácter patrimonial así como os derivados de actividades realizadas en réxime de dereito privado mantense sin variacións significativas respecto as estimacións iniciais do documento vixente.

O capítulo VI de alleamento de investimentos reais recolle as previsións de transaccións con saída ou entrega de bens de capital propiedade da Administración municipal, conta con un peso relativo do 1,70% no conxunto dos ingresos estimados.

No anexo de investimentos vincúlase o produto da recaudación distes alleamentos os proxectos de investimento ali relacionados.

De conformidade co artigo 5 do TRLRHL os ingresos derivados distas operacións de capital non poderán destiñarse a financiación de gasto corrente. No informe económico-financieiro detallanse e identifícanse os bens municipais obxecto de

alleamento que segundo o informe da Tesorería municipal xa se terían materializado durante o período de prórroga orzamentaria polo importe agora orzamentado.

A aplicación efectiva distes ingresos os gastos os que dan cobertura veñen condicionados polo artigo 173.6.a) do TRLRHL, e polo tanto os créditos afectados a istes ingresos finalistas non poderán ser obxecto de execución en tanto no se materialice a recaudación do alleamento.

O resto das operacións de capital figuradas no Capítulo VII de Transferencias de capital que se manteñen en niveis similares o exercicio anterior con un peso sobre o conxunto dos ingresos do proxecto de orzamento que se informa de 3,54%. Estas previsións de ingresos de natureza non tributaria financian en xeral proxectos de investimento que se relacionan no anexo de investimentos, coa excepción cifra estimada para amortización do importe executado correspondente o primeiro anticipo do proxecto SMARTIAGO tal e como se ven indicando no presente informe. O detalle distas transferencias e os gastos afectados as mesmas detallanse e identifícanse no informe económico-financieiro.

Polo que respecta os ingresos financeiros do Capítulo VIII de variación de activos financeiros, reflicten polo importe total estimado de 65.000,00 euros as variacións de activos financeiros derivados de anticipos de remuneracións o persoal do Concello, concedidas en exercicios anteriores e no actual cando se produza o vencemento dos correspondentes reembolsos neste último. Esta estimación conta co seu correlativo gasto por igual contía na aplicación orzamentaria correspondente do estado de gastos do proxecto de orzamento, dado o carácter de retroalimentación que determina a orzamentación distes ingresos e gastos financeiros.

Finalmente no capítulo IX de Pasivos financeiros prevese un endebedamento de 12.174.764,09 euros, dos que 2.174.764,09 euros se corresponden con disposición para o exercicio 2021 de fondos para a financiación do proxecto europeo SMARTIAGO, polo que o importe para financiación de novas actuacións de investimento sería de 10.000.000,00 euros, en congruencia co disposto no anexo de investimentos e no programa financeiro.

Con carácter xeral respecto do endebedamento a longo prazo para investimentos deixamos constancia de que a Disposición Adicional décimo cuarta do Real Decreto Ley 20/2011 de 30 de marzo, de Medidas Urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a Corrección do Déficit Público, foi dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei

17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, quedando establecidos uns novos límites porcentuais para o cálculo do índice de endebedamento:

1. Se o volumen de capital vivo non excede do 75% e 110% dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, só terán que cumprir os requisitos previstos no TRLRHL e normativa de estabilidade orzamentaria.
2. Se o volumen total de capital vivo se atopa entre o 75% e ó 110% dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, ademais do anterior, deberá contar cunha autorización previa do órgano competente en materia de tutela financeira. En resumo, o límite está no 110% dos recursos liquidados por operacións correntes, condicionado a que se o endebedamento é inferior co 75% e menor do 110%, require autorización previa do órgano que ten a tutela financeira, mentres que si o endebedamento é inferior co 75% dos ingresos correntes liquidados, ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, tan só é necesario facer a comunicación da operación, sempre e cando se cumpran os demáis requisitos: Remanente de Tesourería para gastos xerais positivo, Aforro neto positivo e cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Respecto da información relativa o capital vivo e índice de endebedamento remitome se analiza máis adiante neste informe.

IX.2

ESTADO DE GASTOS

O estado de gastos do proxecto de orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio económico do 2021 importa un total de 125.020.077,77 euros, o que supón unha variación a alza con respecto o aprobado inicialmente no exercicio anterior dun 6,88%. O que en termos absolutos supón a cifra de 8.044.482,44 euros.

O gasto corrente que cifra a cuantía de 103.570.861,36 euros se incrementa nun 5,02% e ilo a pesares da diminución dos gastos financeiros que queda absorbida polos incrementos dos restos de capítulos dista masa orzamentaria.

O total de operacións non financeiras por gastos de capital experimenta unha variación a alza con respecto o 2020 dun 19,82%.

No cadro que se se inserta de seguido reflíctese o proxecto de orzamento de gastos do Concello de Santiago de Compostela para 2021 a nivel de capítulo da clasificación económica:

CAPITULO	PROXECTO		VARIACIÓN	VARIACION
	ORZAMENT 20	ORZAMENT 19	%	ABSOLUTA
1 Gastos persoal	35.010.206,93	33.905.543,75	3,26	1.104.663,18
2 Compra bens correntes e servizos	50.439.752,69	40.327.143,56	25,08	10.112.609,13
3 Gastos financeiros	643.620,97	397.504,93	61,92	246.116,04
4 Transf correntes	17.377.280,78	14.812.819,83	17,31	2.564.460,95
5. Fondo Continxencia e imprevist	100.000,00	173.456,25	-42,35	-73.456,25
Gastos correntes	103.570.861,37	98.616.468,32	5,02	4.954.393,05
6. Investimentos reais	17.172.645,67	14.618.655,02	17,47	2.553.990,65
7 Transf. Capital	1.309.750,00	805.850,00	62,53	503.900,00
Operacións capital	18.482.395,67	15.424.505,02	19,82	3.057.890,65
Operacións non financeiras	122.053.257,04	114.040.973,34	7,03	8.012.283,70
8. Activos financeiros	122.198,00	70.000,00	74,57	52.198,00
9. Pasivos financeiros	2.844.622,74	2.864.621,99	-0,70	-19.999,25
Operacións financeiras	2.966.820,74	2.934.621,99	1,10	32.198,75
Total gastos	125.020.077,78	116.975.595,33	6,88	8.044.482,45

IX.2.1.- Gastos de persoal.

Os créditos para gastos de persoal incluídos no proxecto de orzamento municipal para 2021 totalizan a cuantía de 35.010.206,93 euros, o que determina un aumento do 3,26% respecto das dotacións que para estes gastos se consignaron no orzamento inicialmente aprobado para o ano anterior do 2020. Estes créditos para gastos de persoal representan un 28% do total orzamentado para 2021 e un 33,80% do gasto de natureza corrente.

Os efectos da presupuestación dos gastos de persoal para o ano 2021, la Ley 11/2020 de 30 de diciembre de Presupuestos Generales del Estado para 2021, en su artículo 21 viene a establecer un incremento de la masa salarial para dicho año de un 0,9% respecto de las vigentes a 30 de diciembre del 2020.

Esta medida de incremento salarial é de aplicación directa o persoal do sector público, si ben en principio debe de realizarse un tratamento diferenciado en función de si se trata de persoal funcionario ou de persoal laboral.

A lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2021 establece un límite o crecemento da masa salarial do persoal laboral, calqueira que sea a natureza do seu vínculo contractual, o que supón que so é posible o incremento salarial deste persoal previo un proceso de negociación colectiva, pero en ningún caso supón a aplicación dun incremento salarial de forma automática e xeralizada como si acontecesse co persoal suxeito o estatuto funcional, agás que o convenio colectivo aplicable o persoal laboral establezca unha equiparación para as condicións e réxime retributivo do personal funcionario, en cuxo caso non será necesario dito acordo e poderá aplicarse de forma directa o incremento previsto na Lei Orzamentaria.

Por outra banda o apartado dous do artigo 18 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2021 refírese os gastos de acción social coa seguinte limitación:

"(...) Los gastos de acción social no podrán incrementarse, en términos globales, respecto a los de 2020. A este respecto, se considera que los gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos o mejoras distintos a las contraprestaciones por el trabajo realizado cuya finalidad es satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias personales del citado personal al servicio del sector público".

No expediente de proxecto de orzamento para 2020 non se inclúe un informe en relación coa variación da masa retributiva orzamentada para 2021 respecto dos créditos iniciais pola correspondente o pasado exercicio 2020 donde se xustifique e razone a

aplicación do incremento autorizado do 0,9% polo legislador estatal, e tampouco coa información que ofrece o expediente resulta posible a súa comprobación.

Con todo nos informes da Área de persoal se indica expresamente a correcta aplicación do incremento autorizado pola normativa estatal si ben non se acredita como indicamos.

Tampouco consta información respecto do número de efectivos para os que se dotan os créditos consignados no capítulo I do proxecto de orzamento, nin a súa distribución por categorías de empregados.

No estado de gastos do proxecto de orzamento que se inforna se recollen dotacións para o nomeamento de funcionarios interinos nas distintas modalidades previstas no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado.

O artigo 19. catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2021 determina que non se podrá proceder a contratación de persoal temporal, así como o nomeamento de persoal estatutario temporal y de funcionarios interinos, excepto en casos excepcionales e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables.

Así en efecto, as leis de Orzamentos Xerais do Estado veñen coinfigurando ao recurso ao nomeamento de persoal funcionarios interino como unha modalidade de carácter excepcional e circunstancial, polo que non se debe de recorrer a este de nomeamentos de forma habitual e continuada no tempo baixo a paraugas dunha urxente e inaplazable necesidade, nin tampouco para satisfacer necesidades estruturais nin permanentes da Administración, tal e como ven sucedendo.

En relación coa asignación de incentivos o rendemento e os criterios para a súa distribución remitímonos os informes xa evacuados con ocasión da tramitación de expedientes de gasto para tal finalidade no exercicio anterior e os que se emitan na execución dos créditos que para tal finalidade se conteñen no proxecto de orzamento 2020.

Indicar a estes efectos con respecto as dotacións consignadas para dar cobertura a programas en relación co persoal tales como a avaliación do desempeño e incentivos o rendemento en xeral que, o feito de que a mera habilitación destas dotacións no Capítulo I no comportan por se mesmas unha vulneración do incremento retributivo global establecido polo RD 2/2020 de 21 de xaneiro, pois

será a aplicación concreta que no seu momento se efectúa distes importes o que realmente poida implicar ou non unha desviación das previsións legais do lexislador.

Indicar asemesmo que os criterios para para a fixación dos incentivos o rendemento deben ser fixados en todo caso polo Pleno da Corporación, correspondendo a súa distribución por programas e asignación individual o resto de órganos municipais en función do réxime de distribución de competencias establecido, o que resulta de aplicación, entre outros, acontía de 30.000,00 euros que se consigna en concepto de produtividade (150000000) do programa de administración xeral (920000) para o persoal directivo, dado que a fixación de tales obxectivos corresponde como se deixa dito o Pleno da Corporación.

Polo que respecta a outras prestacións sociais como é o caso das Primas de xubilación ou incentivos a xubilación anticipada remitímonos os informes que teñen sido emitidos e que se emitirán no intre da execución distas gastos e tramitación dos correspondentes expedientes.

2.- Límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións.

Segundo o disposto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, a cantidade que resulte de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino, destinarase:

- Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou perigosidade para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.
- Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.
- Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.

Examinadas as cifras presupostadas, obtéñense as seguintes porcentaxes:

A base de cálculo determinada en función do exposto anteriormente ascendería a 10.497.149,56 euros.

CONCEPTO RETRIBUTIVO	IMPORTE ORZADO	%	% LIMITE	IMPORTE		DIFERENC IA
				LIMITE		
Complemento específico	7.762.313,73	82,24	75,00	7.079.382,67	682.931,06	-
Complemento produtividade	861.863,16	9,13	30,00	2.831.753,07	1.969.889,9	1
Gratificacións	815.000,00	8,63	10,00	943.917,69	128.917,69	-

Polo que, se temos en conta as cifras do proxecto de orzamento, o importe correspondente ao complemento específico dos funcionarios excede a porcentaxe máxima do 75% da masa retributiva establecida no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, en tanto que o crédito máximo autorizado para o complemento de produtividade e gratificacións non supera a porcentaxe máxima do 30% e 10% respectivamente. Dado que a contía máxima que poder ser autorizada excede da porcentaxe do 75% para complemento de produtividade sobre a base de cálculo determinada conforme o establecido na normativa citada, na fase de execución e liquidación orzamentaria deberá verificarse o cumprimento dos anteditos límites, de xeito que ao final do exercicio a contía total do citado concepto retributivo non exceda dos importes máximos sinalados, ou alternativamente reducir a cifra máxima que para complemento específico ata o límite máximo do 75% segundo os cálculos anteriores de ser posible.

IX.2.2.- Compra de bens correntes e servizos.

O capítulo 2 de Compra de bens correntes e de servizos do proxecto de Orzamento para 2020 do Concello ascende a 50.439.752,69 euros o que supón unha variación positiva ou incremento porcentual do 2,26% sobre o mesmo capítulo do orzamento inicial do ano 2020, e ten un peso do 40,35% sobre o total orzamentado e do 48,70% sobre os gastos de natureza corrente (Capítulos I a V).

De acordo á documentación que conforma o expediente orzamentario para 2021 elaborado pola Oficiña orzamentaria, este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos, tanto as vixentes, por derivarse de compromisos de gasto de carácter plurianual asumidos nos exercicios 2020 e anteriores, como as que se prevén licitar no ano 2021.

Tamén indica o citado informe que as aplicacións que forman este capítulo teñen recollidas as actualizacións de prezos conforme aos sistemas ou fórmulas de revisión previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

Finalmente no informe económico-financieiro se indica que no proxecto de orzamento que se propón dáse cobertura orzamentaria á licitación prevista dunha serie de contratos que se encontran na actualidade en precario, axustando a devandita consignación ao período estimado no que se ten previsto comenzo a prestación do servizo.

En relación con isto, como xa se informou con ocasión da tramitación do orzamento para o ano anterior do 2020 esta Intervención pon de manifesto que efectivamente se veñen realizando unha serie de prestación por servizos e suministros a esta Administración municipal que carecen da preceptiva cobertura contractual e que dado o longo período de tempo transcurrido dende que se ven producindo esta situación para determinados contratos urxe regularizar dita situación, dado que os gastos que comportan ditas prestacións así efectuadas se realizan dunha forma irregular.

A compensación económica o indemnización destas prestacións sin cobertura contractual se veñen sustanciando mediante a recondución por parte das unidades xestoras desta situación de manifesta irregularidade na realización dos gastos o procedemento de omisión da función interventora regulado no artigo 28 do Real Decreto 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público Local e na Base 3^o das de execución dos orzamentos xerais. En relación con esta situación de irregularidade é a súa relevancia me remito os informes emitidos por o funcionario que suscribe na tramitación dos expedientes a través do referido procedemento.

En calquera caso, como xa indicábase no informe o orzamento do ano anterior do 2020. O funcionario que suscribe entende que a corrección e regularización destas situacións no soamente se debe levar a cabo dotando no orzamento os créditos necesarios, sinón que require dunha programación e planificación da contratación para que istas situacións non se produzan.

A 31 de decembro do pasado exercicio do 2020, a esta Intervención lle constan como prestación de servizos e subministros de maior relevancia que non conta coa necesaria e inexcusable cobertura contractual as seguintes:

- Mantemento de ascensores
- Mantemento de aparellos de climatización
- Consumos de gasto, gasóleo
- Mantemento de sistemas de seguridade
- Xestión da Escola de Música.
- Servizo de limpeza de mantemento nos distintos edificios.
- Servizo de xestión de actividades no Centro Xoven.
- Servizo de Laceria
- Servizo de reparacións e mantemento de edificios.
- Servizo de correos e mensaxería.
- Servizo de conserxería e limpeza dos CEIPS
- Renting vehículos bombeiros.

Ademais ten expirado a concesión dos seguintes servizos:

- Abastecemento e saneamento de auga
- Transporte colectivo urbano de viaxeiros.
- Recollida de residuos e limpeza viaria.
- Mantemento, conservación e mellora de espazos verdes e arbolado urbano.

IX.2.3.- Transferencias correntes.

O Capítulo IV do proxecto de Orzamentos do Concello ascende a 17.377.280,78 euros, o que supón un incremento do 17,31% sobre o mesmo capítulo do ano 2020, e representa un 13,90% respecto do total do proxecto de orzamento municipal que se informa e un 16,78% das dotacións que contén para gasto de natureza corrente (Capítulos 1 a 5).

No estado de gastos dotase crédito para a concesión directa de subvencións nominativas, constando expresamente a dotación orzamentaria, o beneficiario e obxecto de cada unha delas xa non nas bases de execución do orzamento de cada unha de elas senon en documento separado dentro do orzamento como un anexo ao estado de gastos dos capítulos IV e VII, si ben en cumprimento do disposto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, - LXS -, este detalle das subvencións nominativas previstas no orzamento deberían figurar no propio estado de gastos con aplicación orzamentaria independente para cada unha delas.

Non consta no expediente informe dos diferentes centros xestores destas subvencións, indicativo das razóns ou motivos que xustifican a concesión directa destas subvencións.

A LXS prevé a posibilidade de conceder de forma directa, sen unha convocatoria aberta, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Por conseguinte, nestas subvencións a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

A xestión de subvencións de conformidade co indicado no artigo 8.3.a) da LXS debe realizarse de acordo cos principios de publicidade, concurrencia, objetividade, igualdade e non discriminación. Habida conta de que o Concello non dispón dun plan estratéxico de subvencións debería proceder a maior brevidade a elaboración do mesmo de acordo co establecido no artigo 8 da LXS, para así dar cumprimento o disposto no referido artigo e poder discernir si as subvencións se corresponden o contido establecido na normativa o epecto, cuáles deben outorgarse mediante concurrencia, ou ben, si se trata de prestacións propias da Lei de Contratos do Sector Público.

Debe terse en conta que o obxectivo último de todo Plan estratéxico de subvencións, es incrementar os niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional. O documento debe permitir relacionar os obxectivo a alcanzar e os efectos que se pretenden conquistar, cos costes previstos e a súa financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, e todo ilo ante da concesión. En consecuencia o adecuado seguimento dos indicadores e obxectivos do Plan estratéxico permtirá un mellor cumprimento do deber de suministrar información a Base de Datos Nacional de Subvencións das axudas e subvencións concedidas no exercicio.

Como particularidade indicar que as subvencións previstas para o exterior correspondense con gastos derivados de competencias impropias en virtude do establecido no artigo 7.4 da LRBRL, polo que habrá de axustarse os procedementos e prescricións alí establecidas; ademáis, a corporación debe tomar en consideración as dificultades que conleva verificar o efectivo cumprimento das obrigas polos beneficiarios.

Se recolle tamén neste capítulo IV crédito orzamentario para atender as cuotas derivadas da pertencencia ou participación do Concello en diversas asociacións de ámbito supramunicipal e transferencias a outras Administracións vinculadas a sistemas de financiamento como a Fundación Granel, Fundación Refuxio de Animais, Fundación Rosalía de Castro, etc,...que se relacionan no artigo 33 das Bases de Execución que se teñen incorporado o expediente de documento orzamentario que se informa.

Finalmente indicar que todo o proceso de concesión de subvencións deberá darse a publicidade oportuna conforma ás prescricións da Lei 19/2013 de 9 de decembro de Transparencia e Bo Goberno. Ademáis de conformidade coa Ley 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa (artigo 30), dende o 1 de xaneiro do 2019 ven sendo causa de nulidade a falta de publicación e información das subvencións concedidas polas Administracións Públicas na Base de datos nacional de Subvencións, dado que ista norma legal configura a indicada Base como sistema nacional de publidade de subvencións.

IX.2.4.- Fondo de continxencia.

De conformidade co preceptuado no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira, tense dotado con 100.000,00 euros iste capítulo V do proxecto de orzamento representado así o 0,08 % é o 0,10% do total do estado de gastos do proxecto de orzamento e do total dos gastos correntes previstos no mesmo, respectivamente.

Iste Fondo de continxencia constitúese como un concepto orzamentario independente que ten sido creado pola Orde HAP/419/2014 de estrutura orzamentaria, e que está previsto na normativa para atender, cando proceda, necesidades de carácter discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado e que poidan presentarse o longo do exercicio, poidendo cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias, fixar a contía e as condicións de aplicación de dita dotación.

Asemesmo iste Fondo resulta de dotación obrigatoria para as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo do artigo 111 do TRLRHL, como é o caso de Concello de Santiago de Compostela, si ben como indicamos a súa cuantificación é libre.

A dotación deste Fondo por importe de 100.000,00 euros, se establece y estima sin concretar para posibles pasivos continxentes, isto é, obrigas non devengadas pero que en virtude de acontecementos pasados poidan materializarse no exercicio en curso sin que se teña previsto consignación orzamentarias para ela.

En todo caso debe tratarse, como se deixa dito, de necesidades imprevistas, inaplazables e non discrecionais.

Indicar finalmente que de acordo co exposto para atender con cargo o Fondo de continxencia das necesidades que xurdan, non se procederá mediante imputación directa a aplicación orzamentaria na que se teña consignado o Fondo, senon que este servirá de fonte de financiación para habilitar o crédito orzamentario adecuado e suficiente na aplicación correspondente segundo a natureza económica do gasto a realizar. E dicir, non se poderá recoñecer unha obriga orzamentaria con cargo a aplicación orzamentaria que recolle o Fondo, senon que o Concello terá que realizar unha modificación orzamentaria de crédito extraordinario, suplemento de crédito ou transferencia de crédito con cargo a dotación do Fondo, polo que o órgano municipal habilitado para a utilización de ista dotación será, o que teña a competencia para a aprobación da modificación orzamentaria de que se trate.

IX.2.5.- Gastos de capital.

O total de gastos por operacións de capital que se prevén no proxecto de orzamento cifran a contía de 18.482.395,67 euros o que supón un 14,78% do total orzamentado e un 15,14% dos gastos de natureza non financeira. Estes gastos de capital supoñen un incremento porcentual do 19,82% sobre a mesma masa orzamentaria do ano anterior do 2020.

No capítulo VI, inclúense os investimentos reais da Entidade destinadas a creación de infraestructuras e a creación ou adquisición de bens de natureza inventariable. Iste capítulo experimenta un incremento do 17,47% respecto das dotacións para investimentos reais no ano 2020, e mais significativo resulta o incremento derivado das transferencias de capital que ascende a un 62,53%.

O anexo de investimentos detalla o financiamento previsto, procedente das achegas e da operación de endebedamento prevista; no caso das inversión co financiamento afectado é preciso ter en conta o disposto no artigo 173.6 do TRLRHL:

" (...)la disponibilidad de los créditos presupuestarios quedará condicionada, en todo caso, a:

- a)** La existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de aportación, en caso de ayudas, subvenciones, donaciones u otras formas de cesión de recursos por terceros tenidos en cuenta en las previsiones iniciales del presupuesto a efecto de su nivelación y hasta el importe previsto en los estados de ingresos en orden a la afectación de dichos recursos en la forma prevista por la ley o, en su caso, a las finalidades específicas de las aportaciones a realizar.*
- b)** La concesión de las autorizaciones previstas en el artículo 53, de conformidad con las reglas contenidas en el capítulo VII del título I de esta ley, en el caso de que existan previsiones iniciales dentro del capítulo IX del estado de ingresos."*

Por conseguinte, a financiación dos gastos por operacións de capital, queda condicionada a materialización efectiva dos ingresos derivados do alleamento dos investimentos reais, así como da existencia, tras a liquidación do orzamento 2019, da capacidade de endebedamento suficiente para a concertación da operación de endebedamento prevista no proxecto de orzamento que se está a informar.

Iste capítulo VI importa a cifra de 17.172.645,67 euros, polo que tendo en conta a previsión por alleamento de investimentos reais reflectida no estado de ingresos por importe de 2.128.434,00 euros, obtemos unha ratio de formación bruta de capital de 15.044.211,67 euros.

Polo que se refire as transferencias de capital do capítulo VII cuxo detalle se explicita tanto no anexo de investimentos como no informe económico-financieiro da Oficina orzamentaria municipal, importa a cuantía de 1.309.750,00 euros o que determina un incremento porcentual do 62,53% respecto das consignación do orzamento inicial do 2020. As dotacións deste Capítulo de transferencias de capital representan un 1,05% do montante total do proxecto de orzamento e un 7,09% do total de operacións por conta de capital (suma dos capítulos VI e VII).

O saldo neto de transferencia de capital determinado pola diferenza entre as transferencias de capital previstas no estado de ingresos (3.816.214,52 euros) e transferencias de capital consignadas no estado de gastos (805.850,00 euros) arroxa un importe positivo de 3.010.364,52 euros.

En canto a ratio de formación de capital determinada pola diferenza entre os ingresos por operacións de capital previstos no estado de ingresos (6.554.143,27 euros) e os gastos operacións da mesma natureza (18.842.395,67 euros) arroxa unha cifra de 12.288.252,40 euros.

Por último, esta intervención quere deixar constancia de que a execución dos proxectos a dar cobertura cos créditos deste capítulo VI de investimentos ten que garantir a consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria anual, polo que debe ser prioritario facer unha planificación na tramitación destes expedientes de modo que a execución dos proxectos de gasto se acomode as dotación orzamentarias previstas para o exercicio, garantizando o cumprimento do principio de anualidade e evitando os riscos dunha posible inestabilidade orzamentaria derivada da necesidade de incorporar os remanentes de crédito non executados ao orzamento do exercicio seguinte.

IX.2.6.- Gastos de carácter financeiro.

O capítulo III de gastos financeiros cuxas dotacións ascenden a contía de 643.620,97 euros experimenta un incrementon porcentual respecto o crédito autorizado no mesmo capítulo no orzamento inicial do 2020 dun 61,92%.

Debe terse en conta que nesa dotación se inclue en contía de 101.547,50 euros en concepto de xuros de demora polo importe anticipado (1.977.600,00 euros) correspondente o proxecto SMARTIAGO e non xustificado por non terse executado, tal e como se indica no informe económico-financieiro e nas aclaracións o estado da debeda, en donde se fixa na contía de 1.098.244,40 euros o importe xustificado e polo tanto executado, se ben pendente de validación como apuntamos anteriormente neste informe o analizar a nivelación orzamentaria.

Polo que se refire o variación do pasivo financeiro municipal no ano o que se refire o proxecto de orzamento que se informa, esto e, o reembolso do capital pendente de amortizar con vencemento en dito ano se reflicte nas dotacións do capítulo IX que ascenden a un total de 2.844.622,74 euros o que supón unha diminución respecto os créditos dotados no orzamento inicial do ano anterior dun 0,70%.

Debe terse en conta que na cifra orzada se inclue o importe de 1.098.244,40 euros, correspondente o importe executado e xustificado do proxecto SMARTIAGO e que se consigna por estimación, na medida en que ten que ser validado pola Administración concedente para que poida facerse efectiva a súa conversión en ingreso non financeiro, esto e, subvención de capital, en cuxo caso non se producirá unha saída material de fondos, inda que de ser así si se producirá unha diminución por aquel importe do volumen de débeda financeira viva do Concello, a diferenza da contía non xustificada por non executada que si dará lugar a unha saída material de fondos polo importe correspondente que se cifra nos anexos o estado da débeda incluída no expediente de proxecto de orzamento que se informa en 879.355,60 euros.

En canto a ratio de variación dos pasivos financeiros que ven dada pola diferenza entre o capítulo X de ingresos (12.174.764,09 euros) e o capítulo do mesmo numeral do estado de gastos (2.844.622,74 euros) aroxa unha diferenza ou endebedamento neto negativo de 11.854.538,25 euros, e dicir, un incremento da débeda viva por preverse un menor importe de reembolso que das operacións a concertar no exercicio.

Por último, deixamos constancia da relevancia que a normativa de estabilidade orzamentaria refire os créditos relativos a carga financeira. Así o artigo 14 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece que:

"Los créditos presupuestarios para satisfacer los intereses y el capital de la deuda pública de las Administraciones se entenderán siempre incluidos en el estado de gastos de sus Presupuestos y no podrán ser objeto de enmienda o modificación mientras se ajusten a las condiciones de la Ley de emisión".

Inda que do estudio do expediente de proxecto de orzamento que se informa podese concluir que ditos créditos se encontran previstos na súa totalidade para atender a carga financeira do ano 2021 derivada do stock de débeda financeira municipal, do precepto transcrito se deriva que no caso de que se produza unha desviación por defecto nas dotación consignadas para esa finalidade, isto e, non existira crédito suficiente para atender as obrigas financeiras, se terán que articular os mecanismos necesarios para dar cumprimento o contido do precepto en cuestión, con especial incidencia para o caso do proxecto SMARTIAGO en relación co importe a reembolsar derivado do anticipo recibido e non executado.

Por outra banda o mesmo artigo 14 establece que:

"El pago de los intereses y el capital de la deuda pública de las Administraciones Públicas gozará de prioridad absoluta frente a cualquier otro gasto".

Finalmente en cuanto a variación dos activos financeiros no ano 2021, reflíctese na dotación consignada no Capítulo VIII, por un importe total de 122.198,00 euros dos que 65.000,00 euros teñen por finalidade atender anticipos de remuneracións ao persoal municipal figurando no estado de ingresos no capítulo de idéntico numeral a previsión de ingresos polos reembolsos correspondentes ao exercicio 2020 por anticipos concedidos en exercicios anteriores e aqueles que sean concedidos no exercicio actual e o seu reintegro teña o seu inicio en este, establecéndose unha afección entre tales ingresos e os créditos de referencia, como excepción ao principio orzamentario de non afectación dos recursos.

Completase a dotación deste capítulo con crédito por importe de 57.198,00 euros para atender a adquisición dun 31% do capital social da mercantil UNINOVA, do que deberá tramitarse o oportuno expediente de gasto co correspondente informe de fiscalización previa da intervención municipal.

X

SOCIEDADES MUNICIPALES

La gestión de los ingresos y de los gastos de las sociedades mercantiles TUSSA e INCOLSA deberá axustarse a lexislación que lle resulta de aplicación, con especial atención as seguintes materias:

- A lexislación en materia de persoal o servizo do sector público local e en concreto o previsto o respecto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 na actualidade prorrogados e nos seus artigos de carácter básico o terse dictado o amparo do artigo 149.1.13 e 156.1 da vixente Constitución española en materia de retribucións do persoal, plantillas, convenios colectivos e oferta de emprego público. Asemesmo deben terse en conta os artigos 55 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, en materia de acceso do persoal o sector público local.
- Igualmente debe destacarse a necesidade de atender a lexislación e normativa aplicable en materia de contratos do sector público, o non estar agora excluídas do ámbito subxectivo de aplicación da Lei 9/2017 en materia de contratación administrativa, na súa condición de poderes adxudicadores, polo que deberá esixirse a utilización dun sistema de contratación electrónica que cumpra os requisitos impostos pola administración electrónica a todas as Administracións Públicas.
- A lexislación en materia de procedemento e control particularmente nos aspectos de formación do orzamento e rendición de contas contido nos artigos 164, 165, 166, 168 e 200.2, 209 e 212 do TRLRL e nos artigos 111 a 114 do RD 500/90 do 20 de abril.

- E finalmente debe indicarse tamen a normativa en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira y con especial atención os artigos 3.3.4. 5 e 7.3 da Lei Organica 2/2012 así como o artigo 4.2 do Real Decreto 1463/2007 e a Orde HAP/2105/2012 pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na indicada Lei Orgánica, as limitacións e requisitos

respecto da apelación o instrumento do crédito financeiro con conforme os artigos 48 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004 o o artigo 20.2 do Real Decreto 3/2011 e finalmente o previsto na D.A da LRBRLsegundo redacción dada pola Ley de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

XI

OO.AA. AUDITORIO DE GALICIA

Pola súa natureza debe de presentar o seu correspondente documento orzamentario que debe de integrarse e consolidarse co correspondente o do Concello. Ademáis forma parte do sector Administracións Públicas no intre de consolidar en termos SEC-10, no cálculo e verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite da débeda.

O respecto do proxecto de orzamento 2021 do Auditorio de Galicia remítome o informe 35/2021 emitido por esta Intervención e que se ten incorporado o expediente de proxecto de orzamento xeral para 2021 que se informa.

XI

CONSOLIDACION PRESUPUESTARIA

O perímetro de consolidación orzamentaria (artigos 164 a 166 é 168 TRLRHL é artigos 115 a 118 do RD 500/90 de 20 de abril) ven conformado polo orzamento da Entidade local, os orzamentos dos Organismos Autónomos, é os estados de previsión de gastos e ingresos das Entidades públicas empresarias e das Sociedades mecantís de capital íntegramente local cuxo capital pertenezca íntegramente a Entidade local ou os seus Organismos autónomos.

Acompañan o Orzamento Xeral as sociedades parcialmente participadas pola entidade local.

Non foman parte do Orzamento nin da súa documentación complementaria, as Fundacións nin as Asociacións privadas

No expediente se inclúe un estado de consolidación dos diferentes entes que conforman o seu perímetro orzamentario, integrado polo orzamento da entidade matriz e os orzamentos das entidades dependentes, incluíndo as sociedades mercantís de capital integramente municipal:

- Orzamento da propia entidade, Concello de Santiago de Compostela
- Orzamento do Organismo Autónomo de carácter administrativo Auditorio de Galicia.
- Estado de previsión de ingresos e gastos e Programa de actuación, investimentos e financiamento 2019 da Empresa municipal Información y Comunicación Local S.A. (INCOLSA).
- Estado de previsión de ingresos e gastos e Programa de actuación, investimentos e financiamento 2019 da Empresa Municipal de Xestión do Transporte Urbano S.A. (TUSSA).

Acompaña o Orzamento Xeral os estados de previsión de gastos e ingresos para 2021 da sociedade mercantil Mercados Centrais de Abastecimento de Santiago, MERCAGALICIA, S.A., en cuxo capital social a participación desta Administración municipal representa un 51%.

O estado consolidado que se inclúe no expediente cifra en ingresos a contía axustada de 127.739.010,78 euros e no seu estado de gastos 127.667.041,17 euros, polo que arroxa un superávit inicial de 71.969,61 euros, e cumpre coas esixencias formais en cando a súa elaboración e presentación dos artigos 115 a 118 do RD 500/90 de 20 de abril, de tal xeito que recolle o importe dos axustes por consolidación e presentase para cada un dos orzamentos é estados de previsión coa efectiva nivelación de créditos garante da suficientes dos ingresos sobre os gastos en termos agregados ou de consolidación.

XII SUSTENTABILIDADE FINANCIERA

A sustentabilidade financeira presenta dúas vertientes o endebedamento financeiro e o endebedamento comercial.

Como xa apuntamos anteriormente neste informe dada a suspensión do obxectivo de débeda pública durante 2020 e 2021, non parece necesaria a avaliación do obxectivo de débeda pública. Con todo, debemos ter en conta que o principio de sustentabilidade financeira non se atopa suspendido, e por tanto, continua plenamente vixente no marco legal do endebedamento e límites aos que se refire o TRLRHL, a DF 3ª da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 e a resolución sobre prudencia financeira da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, isto é, segue sendo plenamente aplicable o principio de sustentabilidade financeira en termos de débeda comercial e de débeda financeira, así como o principio de prudencia financeira

En virtude deste último, do principio de prudencia financeira, as operacións financeiras deben cumprir un conxunto de condicións para minimizar o seu risco e custo.

Para o control da débeda comercial – as obrigacións que teñen as Administracións Públicas con terceiros – deberán cumprirse os prazos de pago a provedores – período medio de pago inferior a 30 días – que se establecen na Lei 3/2004 do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións e a Disposición Adicional 5ª da LOEPYSF.

Para o control da débeda financeira deberá medirse o volume de débeda a efectos do Protocolo de déficit Excesivo e o límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do TRLRHL e Disposición Final 31ª da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2013.

Na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigacións de subministración de información previstas na LOEPYSF establécese o momento en que debe efectuarse este control: o cálculo do período medio de pago a provedores, isto é, a débeda comercial, deberá efectuarse no caso desta Administración municipal con carácter mensual, dado que se atopa dentro do ámbito de aplicación do artigo 111 do TRLRHL, isto é, por tratarse de municipio con poboación superior aos 75.000 habitantes e ser ademais capital de Comunidade Autónoma; e o cálculo da débeda financeira deberá efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación.

Por conseguinte, será necesario medir o volume de débeda e o límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización do endebedamento en aprobación e en liquidación dos Orzamentos durante os exercicios 2020 e 2021. Devandito cálculo realizarase a efectos informativos, e non surtirá ningún efecto durante este período, máis aló de coñecer os límites establecidos na

normativa hacendística para concertar novas operacións de crédito a longo prazo.

A efectos da medición deste volumen de deuda é o límite de endebedamente, partimos da LOEPYSF que establece a obriga de non rebasar o límite de débeda pública que se fixe como obxectivo. Este obxectivo se viña fixando en termos de porcentaxe do PIB, é como xa apuntamos anteriormente neste informe o terse referenciado deste xeito e non en termos de ingresos financeiros nin de xeito individual, nunca foi posible cumprir iste límite nos propios termos da LOEPYSF.

Así en efecto, o non establecerse para a Administración local unha equivalencia entre tal límite de débeda en termos de ingresos financeiros u outra variable que permitise o seu cálculo de xeito individual para cada entidades, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas indicou no seu momento a que a avaliación de dito límite debería realizarse en base os criterios contidos nos artigos 51 é 53 do TRLRHL , debéndose considerar para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013.

A estes efectos o artigo 53 do TRLRHL, fixa o límite de endebedamento local, e a modo de síntesis do seu contido pódense establecer tres posibles situacións:

- Non se podrán concertar operacións de crédito a longo prazo si na liquidación do exercicio anterior se tivese deducido un aforro neto negativo ou unha débeda viva superior o 110% dos ingresos correntes liquidados.
- Podránse formalizar operacións de crédito a longo prazo previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades do sector local si na liquidación do exercicio anterior se tivese deducido aforro neto positivo e a débeda viva se posicionase entre o 75% é o 110% dos ingresos correntes liquidados en termos de consolidación.
- Podránse concertar operacións de crédito a longo prazo para investimentos sin necesidade de autorización do órgano de tutela si na liquidación do exercicio anterior a magnitude de aforro neto acadase valores positivos é a debeda viva se situase por debaixo do 75% dos ingresos correntes liquidados en termos de consolidación.

É a determinación das dúas variables a ter en conta para a verificación distas restriccións para a apelación o endebedamento, esto e, o volumen de débeda viva é os ingresos correntes liquidados, estableceuse, como xa indicamos, na Disposición final trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para 2013.

Volume de débeda viva:

Así para a determinación do capital vivo habrá de terse en conta:

- Todas as operacións que se encontren vixentes a data de peche do exercicio a que se refire a liquidación.
- O risco deducido dos avales; e
- Os saldos das operacións formalizadas non dispostos.

Asemesmo, no intre de evaluar a viabilidade da operación que se proxecta, deberase de ter en conta tamén o importe previsto para a mesma.

Con todo debe facerse a precisión de que o límite de débeda debe determinarse nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo regulado no Tratado de Funcionamento da Unión Europea é que ten unha finalidade correctora, establecendo coo deben de actuar os países membros no suposto de que a súa débeda pública ou déficit orzamentario sean considerados excesivos.

O detalle do endebedamento do Concello en canto a operacións concertadas vixentes e capital pendente de reembolso o peche do exercicio económico do 2020 se reflicte no cadro que se inserta de seguido:

ENDEBEDAMENTO VIVO A 31/12/2020 E PREVISTA ORZAMENTO 2021

A) CONCELLO

CÓDIGOS PRESTAMOS	IMPORTE INICIAL DO PRÉSTAMO	PDTE A 31/12/2017	SALDO A 31/12/2020	DÉBEDA PREVISTA EN ORZ 2021	TOTAL DÉBEDA VIVA + PREVISTA 2021
2009-1-CGAL02	7.190.000,00		192.010,67		192.010,67
2010-1-BBVA01	4.135.000,00		827.000,00		827.000,00
2016-ABAN-01	5.320.000,00		399.000,00		399.000,00

2017-1 SABA-01	3.600.000,00		253.098,63		253.098,63
2018-1-BBVA01	3.460.383,88		3.373.874,28		3.373.874,28
2019-1-ABAN02	2.950.000,00		2.950.000,00		2.950.000,00
2020-1-LBANK	1.200.000,00		1.200.000,00		1.200.000,00
PRÉSTAMO INVERSIONES 2021	10.000.000,00			10.000.000,00	10.000.000,00
Total débeda viva de fóra do sector público			9.194.983,58	10.000.000,00	19.194.983,58
2016-1-DEPUT	494.403,29		494.403,29		494.403,29
2017-1-DEPU02	292.000,00		292.000,00		292.000,00
2017-1-DEPU01	200.878,41		200.878,41		200.878,41
2018-1-IDAE01	1.284.576,13		1.118.057,05		1.118.057,05
CONVENIO MINECO SMARTIAGO	4.944.000,00		4.944.000,00		4.944.000,00
2018-1-DEPU012	312.324,18		312.324,18		312.324,18
2018-1-DEPU011	225.351,64		225.351,64		225.351,64
2020-1-DEPU01	139.616,12		139.616,12		139.616,12
2020-1-DEPU02	320.101,09		320.101,09		320.101,09
Total débeda viva do sector público			8.046.731,78	0,00	8.046.731,78
AVAL A SM INCOLSA	240.000,00		240.000,00		240.000,00
AVAL A NOVA OPERACIÓN TESOURERÍA INCOLSA*	900.000,00			900.000,00	900.000,00
Avais concedidos			240.000,00	900.000,00	1.140.000,00
TOTAL ENDEBEDAMENTO			17.481.715,36	10.900.000,00	28.381.715,36

B) INCOLSA

CÓDIGOS PRESTAMOS	IMPORTE INICIAL DO PRÉSTAMO	PDTE A 31/12/2017	SALDO A 31/12/2020	DÉBEDA PREVISTA ORZ 2021	TOTAL DÉBEDA VIVA + PREVISTA 2021
Avales bancarios	240.000,00		240.000,00		240.000,00
Nova operación tesourería 2021				800.000,00	800.000,00
TOTAL DÉBEDA INCOLSA			240.000,00	800.000,00	1.040.000,00

* Prevese a concertación dunha nova operación de tesourería por importe de 900.000,00 €

C) O.A. "AUDITORIO DE GALICIA"

CÓDIGOS PRESTAMOS	IMPORTE INICIAL DO PRÉSTAMO	PDTE A 13/11/2017	SALDO A 31/12/2020	PREVISTA ORZ 2021	TOTAL DÉBEDA VIVA + PREVISTA 2021
TOTAL DÉBEDA OA AUDITORIO	0,00		0,00	0,00	0,00

D) FUNDACIÓN REFUXIO ANIMAIS

CÓDIGOS PRESTAMOS	IMPORTE INICIAL DO PRÉSTAMO	PDTE A 13/11/2017	SALDO A 31/12/2020	PREVISTA ORZ 2021	TOTAL DÉBEDA VIVA + PREVISTA 2021
TOTAL DÉBEDA FUNDACIÓN REFUXIO ANIMAIS	0,00		0,00	0,00	0,00

* Non consta referencia a previsión de concertación de operación de crédito a longo ou curto prazo na documentación remitida

E) SOCIEDADE MERCANTIL "TUSSA"

CÓDIGOS PRESTAMOS	IMPORTE INICIAL PREVISTO
PRÉSTAMO INVESTIMENTOS 2021	
TOTAL DÉBEDA MERCANTIL "TUSSA"	0,00

SALDO A 31/12/2020	PREVISTA ORZ 2021	TOTAL DÉBEDA VIVA + PREVISTA 2021
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00

TOTAL CONSOLIDADO
TOTAL DÉBEDA CONSOLIDADA SECTOR "ADMONS PÚBLICAS"*
TOTAL DÉBEDA CONSOLIDADA SECTOR PÚBLICO

SALDO A 31/12/2020	PREVISTA ORZ 2021	TOTAL DÉBEDA VIVA + PREVISTA 2021
17.481.715,36	10.900.000,00	28.381.715,36
17.481.715,36	10.900.000,00	28.381.715,36

De seguido determinamos o volumen de débeda viva do conxunto de entidades que conforman o perímetro de endebedamento, si ben debe terse en conta que únicamente ten concertadas operacións financeiras o Concello.

Con todo, en primeiro termo determinamos o volumen de débeda viva a 31 de decembro do 2020 a efectos de Protocolo de Déficit Excesivo que se amosa no cadro que se inserta de seguido, debendo terse en conta que a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo en orde a determinar o límite da débeda os avais soamente computan cando teñan sido obxecto de execución por incumprimento do avalado.

DEBEDA VIVA A EFECTOS DE PROTOCOLO DE DEFICT EXCESIVO	CONCELLO	TOTAL INCOLSA	CONSOLIDAD
Débeda a curto prazo			
Operacións de tesourería			
Débedas a longo prazo	9.194.983,58	9.194.983,58	
Emisións de débeda			
Operacións con entidades de crédito			
Factoring sen recurso			

Arrendamento financeiro		
Asociacións público privadas		
Pagos aprazados por operacións con terceiros		
D'beda con AAPP (exclusivamene FFEL)		
Outras operacións de crédito		
TOTAL DÉBEDA VIVA FINAL PERÍODO	9.194.983,58	9.194.983,58

Para o cálculo do endebedamento a efectos da aplicación do réxime de autorización recollido no artigo 53 do TRLRHL e na DF 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, se adicionará o capital vivo determinado a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo o seguinte:

O risco deducido dos avais concedidos. No presente caso se exclúe do cálculo o aval concedido a INCOLSA como garantía da operación de tesourería que ten concertada en vixente, dado que o incluírse dita operación en termos de consolidación daría lugar a unha duplicidade a efectos de endebedamento.

Non se recollería o detalle do saldo das operacións formalizadas e non dispostas xa que foi considerado anteriormente.

Se incluírían as debidas coas Administracións Públicas distantas da incluída no Fondo de Financiación a Entidades (Fondo de Impulso Económico, Fondo de Ordenación e Fondo da liquidación para a financiación dos pagos a provedores das Entidades Locais). Polo tanto se incluíría os anticipos da Deputación Provincial, o préstamos para a financiación do proxecto SMARTIAGO é o préstamo IDAE.

Así en efecto, o cálculo de deuda viva se ten que facer en termos consolidados, tomando en consideración a debeda e os ingresos correntes tanto da entidades como de todas as entidades dependentes calificadas como Administracións Públicas.

Polo tanto teríamos:

ENDEBEDAMENTO A EFECTOS ARTIGO 53 TRLRHL E DA 31 DA LEI ORZAMENTOS XERAIS ESTADO 2013	CONCELLO	INCOLSA	CONSOLIDADO
--	-----------------	----------------	--------------------

SIN INCLUIR OPERACIÓNS 2021	IMPORTE €	IMPORTE €	IMPORTE €
Total Débeda Viva Protocolo Déficit Excesivo	9.194.983,58	0,00	9.194.983,58
Capital vivo operacións avaladas	240.000,00	0,00	240.000,00
Débedas con Administracións Públicas	8.046.731,78	0,00	8.046.731,78
			17.481.715,36

ENDEBEDAMENTO A EFECTOS ARTIGO 53 TRLRHL E DA 31 DA LEI ORZAMENTOS XERAIS ESTADO 2013 INCLUINDO OPERACIÓNS PROXECTADAS 2021	CONCELLO IMPORTE €	INCOLSA IMPORTE €	CONSOLIDADO IMPORTE €
Total Débeda Viva Protocolo Déficit Excesivo	9.194.983,58	0,00	9.194.983,58
Capital vivo operacións avaladas	240.000,00	0,00	240.000,00
Débedas con Administracións Públicas	8.046.731,78	0,00	8.046.731,78
Operación proxectada	10.000.000,00	900.000,00	10.900.000,00
			28.381.715,36

Para a determinación dos ingresos correntes consolidados a computar tanto no aforro neto como no cálculo e delimitación do aforro neto, se deduce o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calesqueira outros ingresos extraordinarios aplicados os capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal ou carácter recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

Na liquidación do exercicio económico do 2019, última aprobada, se teñen deducido uns ingresos correntes consolidados de 107.397424,55 euros, que se obteñen por agregación dos ingresos correntes das entidades dependentes clasificadas no subsector Administracións Públicas.

De acordo cos cálculos efectuados o índice de endebedamento en termos consolidados resultaría ser o seguinte:

Sin considerar as operacións proxectadas para o exercicio 2021.

Volume débeda viva a 31/12/2020	17.481.715,36
Ingresos correntes conxunto consolidado	107.397.424,55
RATIO DE ENDEBEDAMENTO	16,28%

Considerando as operacións previstas para o exercicio no que vai rexir o proxecto de orzamento que se somete a informe:

Volume débeda viva incluíndo operacións 2021	28.381.715,36
Ingresos correntes conxunto consolidado	107.397.424,55
RATIO DE ENDEBEDAMENTO	26,43%

De donde se deduce que o capital pendente de reembolso por operacións financeiras concertas representa o 16,28% dos ingresos ordinarios consolidados do Grupo Administración Pública – Concello de Santiago, porcentaxe que se elevaría o 26,43% o incluírse as operacións de endebedamento que se prevén para o exercicio económico do 2021.

Polo tanto as operacións de crédito previstas o situarse por debaixo do 75% non precisarían autorización os efectos da súa concertación do órgano de tutela, isto e, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Concellería de Facenda da Administración Autonómica, por terse establecido esta tutela financeira polo Estatuto de Autonomía de Galicia.

Con todo, debe terse en conta que os cálculos efectuados realízanse sobre a base da última liquidación orzamentaria aprobada, isto e, a correspondente o exercicio económico do 2019, de tal xeito que no intre de tramitarse o expediente de concertación das operacións de crédito previstas no orzamento 2021 se efectuarán, no seu caso, en referencia a liquidación do ano anterior do 2020.

Aforro neto legal.

Finalmente o aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRHL como magnitude a ter en conta para a avaliación da viabilidade das operacións de endebedamento local e que indica a capacidade da entidade para facer fronte as obrigas que e deriven das operacións financeiras futuras.

De acordo co criterio e metodoloxía regulado no precepto legal citado no cadro que se inserta de seguido se determina o aforro neto legal a partir dos obtidos na liquidación do orzamento correspondente o exercicio económico do 2019.

a.1) Con débeda a 31/12/2020

	CONCELLO
1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 1 ó 5)	101.261.816,85
2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 1,2 e 4)	86.468.290,23
3. Anualidades teóricas de amortización	4.990.828,27
4. Aforro neto (1-2-3)	9.802.698,35

a.2) Incluindo a débeda prevista 2021

	CONCELLO
1. Dereitos recoñecidos netos (Cap. 1 ó 5)	101.261.816,85
2. Obrigas recoñecidas netas (Cap. 1,2 e 4)	86.468.290,23
3. Anualidades teóricas de amortización	6.071.454,79
4. Aforro neto (1-2-3)	8.722.071,83

Polo tanto o deducirse unha cifra de aforro neto positivo e o estar como se viu anteriormente o nivel de débeda por debaixo do 75% dos ingresos correntes consolidados liquidados, as operacións financeiras previstas non lles serían de aplicación as limitacións establecidas no artigo 53 do TRLRHL, si ben como apuntamos anteriormente os cálculos deben ser actualizados, no seu caso, no intre da tramitación da operación os datos que se obteñan na liquidación do exercicio económico anterior do 2020.

XII

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

Analizado o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico 2020, integrado polo orzamento propio do Concello, o do seu OAAA. Auditorio de Galicia e das sociedades mercantís de capital integramente local INCOLSA e TUSSA e a proposta que formula a Concelleira Delegada das Áreas de Economía e Facenda conclúese o seguinte:

Primeira.- Ao proxecto de Orzamento Xeral acompañaase con carácter xeral os anexos e documentación complementaria requiridos con carácter xeral polos artigos 166.1 e 168 TRLRHL, si ben coas deficiencias anotadas no epígrafe III deste informe.

Con todo, o expediente tramitado non pode considerarse en puridade cun expediente electrónico dado que non cumpre cos requisitos de integridade, inmutabilidade e interoperatividade que se requiren dun expediente desta natureza. Determinados documentos que se incorporan o expediente tales como o informe económico-financieiro e os estados contables da Fundación Refuxio de Animais non son electrónicos, senon copias de documentos asinados por medios non electrónicos é que se dixitalizan para a súa incorporación o expediente de orzamento, outros como a memoria ou os anexos de persoal son documentos electrónicos que se dixitalizan e se incorporan o documento orzamentario.

A estos efectos se deixa constancia da obriga de tramitar o procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Concello a través dun procedemento electrónico que garanta a seguridade xurídica esixida pola normativa reguladora do procedemento administrativo, debendo extenderse aos procedementos relacionados co mesmo, como son a eventual formulación de reclamación contra o Orzamento inicialmente aprobado, facilitando o trámite para os que están obrigados a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas, e as fases de execución como son a tramitación das modificacións orzamentarias é a aprobación da liquidación do orzamento, entre outros.

Segunda.- O proxecto de orzamentos presentado axústase a estrutura orzamentaria da Orde EHA/3565/2008 do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais. Con todo a referida norma debe aplicarse de forma que permita unha axeitada observancia do principio de especificación, singularizando os gastos é evitando as denominacións xenéricas que engloben gastos con finalidade ou obxecto distinto aunque económica e funcionalmente participen da mesma natureza, facilitando deste xeito unha maior transparencia do documento orzamentaria é unha maior eficacia é eficiencia na xestión.

Terceira.- Ningùn dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral dista Administración municipal presenta déficit inicial, dándose así cumprimento o establecido no artigo 165.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais é 16 do RD 500/90 do 20 de abril, requisito iste que debe manterse ao longo da execución do documento orzamentario.

Cuarta.- As Bases de Execución dos Orzamentos para o exercicio 2021 incorporan o contido mínimo establecido no RD Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e RD 500/90 de 20 de abril.

Quinta.- Con data de 20 de outubro do 2020 quedaron suspendidas as regras fiscais, de tal xeito que desde ese intre deveñen inaplicables os obxectivos de estabilidade, de deuda publica e da regra de gastos aprobados polo Goberno en data de 11 de febreiro do 2020.

Elo implica que non resulta necesario proceder a avaliación do cumprimento da regra de gasto con ocasión da tramitación do orzamento xeral para 2021, si ben mantense a obriga da emisión de informe independente para a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, si ben o seu incumprimento o estar suspendidas as regras fiscais non comporta a necesidade da elaboración e aprobación dun Plan económico financeiro.

Por ista Intervención tense emitido informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (Ref: 81/2021) con ocasión da tramitación do proxecto de Orzamento Xeral para 2021, os efectos de dar conta o Pleno da Corporación do mesmo, obténdose a nivel consolidado un superávit en termos de capacidade de financiación SEC 2010 de 2.994.884,75 euros para o Grupo Administración Pública-Concello de Santiago de Compostela.

Polo que respecta o obxectivo de débeda pública o estar supendido non é necesario proceder a súa avaliación. Con todo debe terse en conta que o principio de sustentabilidade orzamentaria non se encontra suspendido, é polo tanto continua plenamente vixente o marco legal do endebedamento e os límites os que se refire o RD Lexislstivo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locaism a Disposición final 31ª da Lei 17/2012 de 27 de decembre de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 e a resolución sobre prudencia financeira da Dirección Xeral do Tesoro e Política Financeira.

Sexta.- Debe terse en conta que suspensión das regras fiscais para 2020 é 2021 non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, é por tal razón o expediente orzamentario ten que cumprir o artigo 30 da referida Lei Orgánica, isto e, tería que terse aprobado un límite máximo de gasto non financeiro, si ben no novo marco xurídico de suspensión das regras fiscais, isto é, o non poder vir dito teito de gasto limitado pola regra de gasto posto que está suspendida e polo tanto no existe tasa de referencia que aplicar, a coherencia coa estabilidade orzamentaria na determinación de dito límite máximo debe entenderse no senso que os ingresos non financeiros marcarán o teito de asignación de recursos, sin olvidar a necesaria nivelación orzamentaria do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Sétima.- O conxunto consolidado arroxa un saldo primario ou aforro bruto de 2.336.433,00 euros do que deducido o importe dos reembolsos por amortización de débedas financeiras que ascende a 2.844.622,74 euros, obtense un aforro neto de sino negativo por importe de 508.189,04 euros para o conxunto consolidado é de 603.108,65 euros para o Concello.

Esta situación deriva como se ten explicado no epígrafe de nivelación orzamentaria deste informe, do feito de que a cifra de amortización de pasivos financeiros inclúe ademais da amortización efectiva a correspondente a conversión en subvención dos fondos recibidos para a financiación do proxecto SMARTIAGO correspondentes a financiación de gastos executados e xustificados. O importe consignado para dita conversión de ingreso financeiro en subvención no produce un efecto financeiro real a su consignación obedece o criterio que establece o Convenio polo que se establece o réximen xurídico e económico deste Convenio. O axuste da amortización prevista para o ano, considerando soamente a efectiva mediante a eliminación do importe derivado do indicado proxecto de gasto así como a correspondente previsión no capítulo VII de transferencias de capital por lo mesmo importe, sitúa o aforro neto en valores positivos de 590.055,36 euros.

Oitava,. Estímense adecuadas as previsións que se recollen no estado de ingresos, sin perxuicio do indicado o respecto da aplicación do criterios de caixa para a estimación dos ingresos de natureza corrente. Os créditos consignados no estado de gastos para a execución de obras ou prestación de servizos con financiación afectada derivada da operación de crédito prevista no mesmo, o alleamento de investimentos reais e aportacións doutras instancias administrativas das que non exista ni esta acreditado compromiso firme de aportación non poder ser dispoñibles en tanto ditos recursos adquiren a correspondente firmeza ou efectividade conforma a normativa vixente.

Novena.- Conforme o artigo 5 do RD 861/1986 de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das retribucións dos funcionarios de Administración local a apreciación da produtividade debe realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desenrolo do posto de traballo e obxectivos asignados o mesmo, correspondendo o Pleno da Corporación establecer, inda que sexa de forma xenérica, os criterios correspondentes, previa negociación da Mesa Xeral de Negociación, sin perjuicio de que a súa distribución por programas de gasto e asignación individual a efectúen os restantes órganos resolutorios municipais en función do réxime de competencias correspondente. Igualmente corresponde o Pleno da Corporación á aprobación dos créditos globales asignados debendose respetar o límite global establecido no artigo 7.2.b) do RD 861/1986.

Décima.- Dado el volumen de servizos e subministros que se veñen realizando sin a inexcusable e necesaria cobertura contractual e a conseguinte irregularidade na comisión dos gastos e obrigas económicas contraídas que impide que os procedementos a través dos cales se veñen recoñecendo as compensacións económicas en favor das prestatarias deixen de ter o carácter excepcional é especial que para os mesmos prevé a normativa de aplicación, vólvese a reiterar de novo a necesidade de que se leve a cabo unha planificación axeitada da contratación administrativa municipal coa finalidade, entre outras, de correxir estas situacións indesexables e irregulares.

Décimo primeira.- Debe darse cumprimento o artigo 8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro e elaborarse e aprobar un Plan estratéxico de subvencions.

Décimo segunda- Sobre a base dos resultados obtidos na última liquidación orzamentaria aprobada, isto é, a correspondente o exercicio económico do 2019, tense deducido no presente informe un aforro neto legal calculado conforme o artigo 53 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo positivo e un nivel de débeda por debaixo do 75% dos ingresos correntes consolidados liquidados, as operacións financeiras previstas no proxecto de orzamento para 2021 non lles serían de aplicación as limitacións establecidas na norma legal citada, sendo viable legalmente a concertación da operación a longo prazo prevista e non precisándose autorización do órgano de tutela financeira, si ben os cálculos deben ser actualizados, no seu caso, no intre da tramitación da operación os datos que se obteñan na liquidación do exercicio económico anterior do 2020.

Décimo terceira. A suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021 non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais nin do resto da

normativa hacendística dado que todas elas continúan vixentes. Deste xeito, a suspensión das regras fiscais soamente dará lugar a que non sexan de aplicación as medidas preventivas, correctivas e coercitivas as que se refire o Capítulo IV da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria nos anos 2020 é 2021 a salvo das medidas automáticas de corrección previstas no artigo 20 da referida norma legal.

Polo tanto o principio de responsabilidade fiscal a que se refire o artigo 8 da referida Lei Orgánica non se ten suspendido, é en atención mesmo, as Entidades locais, aun coas regras fiscais en suspenso, deberán seguir traballando coa mesma conducta prudente en termos financeiros e orzamentarios, que nos exercicios precedentes, imponéndose unha disciplina fiscal no sendo de manter unha senda moderada de crecemento do gasto e procurar liquidar os orzamentos, na medida do posible, en equilibrio orzamentario.

Debe terse en conta que o motivo da suspensión das regras fiscais ten sido o dotar as entidades do sector público local de recursos suficientes para facer fronte a pandemia derivada do COVID-19, e neste sentido debe darse o maior gasto o sentido de reactivación económica, evitando incurrir en gasto estrutural permanente.

A salvo que se produzan variacións nas previsións actuais, no exercicio 2022 se reactivarán as regras fiscais, sendo necesario, tal e como ten indicado o Ministerio de Facenda, que a liquidación do 2022 cumpra coas tres regras fiscais, e por elo o teito de gasto non financeiro para o ano 2022, - a aprobar co orzamento para iste ano -, terá que guardar coherencia e ser compatible co cumprimento da regra de gasto e co obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación de dito ano 2022, aunque, con todo, a data actual se desoñece como se computará a regra do gasto en 2022 é que cifras se establecerán tanto para a taxa de referencia do PIB como para os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.

Finalmente é en todo caso, deixase de manifesto que as conclusións e pronunciamentos reflexados no presente informe deben considerarse supeditadas as que se efectúen en cada caso con ocasión da fiscalización efectiva dos distintos procedementos de execución do Orzamento, así como polas verificacións que puntualmente se vaian realizando con motivo da revisión da documentación que por obrigas de información trimestral ten iste Concello para con o Ministerio de Facenda.

Santiago de Compostela
O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL,

